Temos que lembrar tamén que dous grupos, tanto o do Partido Popular como o da Marea Atlántica, solicitamos o criterio xurídico do señor secretario para xustificar por que esas emendas se inadmitían e non puidemos contar con este criterio. Xa daquela, a Marea Atlántica fixemos constar en acta a nosa enérxica protesta. Denunciamos que a decisión era discrecional, era autoritaria e era ilegal, que contradicía o ROM e que restrinxía os dereitos da oposición. Pois hoxe dicimos máis. Non só restrinxe os dereitos da oposición senón que se trata dunha vulneración de dereitos fundamentais conforme ao artigo 23 da Constitución española. E por ese motivo, a Marea Atlántica presenta hoxe, xa está presentado, un recurso contencioso-administrativo polo procedemento especial para a protección dos dereitos fundamentais da persoa contra a decisión e a resolución da alcaldesa de inadmitir a trámite a votación das 10 emendas que presentou a Marea Atlántica no pleno do pasado

Tenemos que recordar también que dos grupos, tanto el del Partido Popular como el de la Marea Atlántica, solicitamos el criterio jurídico del señor secretario para justificar por qué esas enmiendas se inadmitían y no pudimos contar con este criterio. Ya entonces, la Marea Atlántica hicimos constar en acta nuestra enérgica protesta. Denunciamos que la decisión era discrecional, era autoritaria y era ilegal, que contradecía el ROM y que restringía los derechos de la oposición. Pues hoy decimos más. No solo restringe los derechos de la oposición sino que se trata de una vulneración de derechos fundamentales conforme al artículo 23 de la Constitución española. Y por ese motivo, la Marea Atlántica presenta hoy, ya está presentado, un recurso contencioso-administrativo por el procedimiento especial para la protección de los derechos fundamentales de la persona contra la decisión y la resolución de la alcaldesa de inadmitir a trámite la votación de las 10 enmiendas que presentó la Marea Atlántica en el pleno del pasado

24 de febreiro. Impugnamos a inadmisión das emendas e non o acordo de aprobación do Anexo de convenios para non xerar un prexuízo a entidades que, a día de hoxe, aínda seguen sen poder asinar os convenios necesarios para o seu funcionamento.

24 de febrero. Impugnamos la inadmisión de las enmiendas y no el acuerdo de aprobación del Anexo de convenios para no generar un perjuicio a entidades que, a día de hoy, aún siguen sin poder firmar los convenios necesarios para su funcionamiento.

A inadmisión das emendas presentadas por concelleiros e concelleiras constitúe, nada máis e nada menos que unha vulneración dos dereitos fundamentais amparados pola Constitución española, e non o digo eu, dino multitude de sentenzas que achegan xurisprudencia moi clara ao respecto. E o que din esas sentenzas, ademais, é que non só se están vulnerando os dereitos fundamentais dos concelleiros e concelleiras do Pleno, os da Marea Atlántica e os do resto dos grupos políticos, senón que se están vulnerando os dereitos fundamentais da cidadanía que escolle determinadas opcións políticas, neste caso a Marea Atlántica, para exercer o seu lexítimo dereito, dereito fundamental de participación nos asuntos públicos.

La inadmisión de las enmiendas presentadas por concejales y concejalas constituye, nada más y nada menos que una vulneración de los derechos fundamentales amparados por la Constitución española, y no lo digo yo, lo dicen multitud de sentencias que aportan jurisprudencia muy clara al respeto. Y lo que dicen esas sentencias, además, es que no solo se están vulnerando los derechos fundamentales de los concejales y concejalas del Pleno, los de la Marea Atlántica y los del resto de los grupos políticos, sino que se están vulnerando los derechos fundamentales de la ciudadanía que escoge determinadas opciones políticas, en este caso la Marea Atlántica, para ejercer su legítimo derecho, derecho fundamental de participación en los asuntos públicos.

Gustaríame facer fincapé nisto porque a señora Rey e o señor Lage Tuñas están levando ao Concello da Coruña a un deterioro democrático vertixinoso. Primeiro, coa incorporación dunha tránsfuga a un goberno; despois, cercenando sistematicamente a iniciativa política e os dereitos de participación da oposición, nun xeito de proceder que nos parece ditatorial, autoritario e agora xa ilegal, e que se está convertendo en hábito, non só neste Salón de Plenos, senón tamén nas comisións informativas e nas xuntas de goberno local cando non estamos diante das cámaras.

Me gustaría hacer hincapié en esto porque la señora Rey y el señor Lage Tuñas están llevando al Ayuntamiento de A Coruña a un deterioro democrático vertiginoso. Primero, con la incorporación de una tránsfuga a un gobierno; después, cercenando sistemáticamente la iniciativa política y los derechos de participación de la oposición, en una manera de proceder que nos parece dictatorial, autoritaria y ahora ya ilegal, y que se está convirtiendo en hábito, no solo en este Salón de Plenos, sino también en las comisiones informativas y en las juntas de gobierno local cuando no estamos delante de las cámaras.

A Marea Atlántica non vai tolerar, non

La Marea Atlántica no va a tolerar, no va

vai tolerar, e o dixemos no seu momento, que se limiten os dereitos de participación política, nin dos nosos concelleiros e concelleiras nin da cidadanía que confiou en nós nas últimas eleccións municipais, que foron 25.000 persoas que agardan que defendamos **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** na Casa do Concello –e vou acabando– os seus postulados políticos.

a tolerar, y lo dijimos en su momento, que se limiten los derechos de participación política, ni de nuestros concejales y concejalas ni de la ciudadanía que confió en nosotros en las últimas elecciones municipales, que fueron 25.000 personas que esperan que defendamos ***(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)*** *en la Casa del Ayuntamiento –y voy acabando– sus postulados políticos.*

Non viñemos aquí nin a facer de palmeiros nin a facer a vista gorda nin a tolerar este declive democrático absolutamente sen precedentes. Teñen a mala sorte de que a Marea Atlántica traballa, le os expedientes, formula propostas e trae a Pleno iniciativas. É a nosa responsabilidade que nos encomendaron nas eleccións municipais e que imos defender, como agora, **(óense dous sinais acústico indicativos da finalización do tempo de intervención)** pola vía legal se é necesario.

No vinimos aquí ni a hacer de palmeros ni a hacer la vista gorda ni a tolerar este declive democrático absolutamente sin precedentes. Tienen la mala suerte de que la Marea Atlántica trabaja, lee los expedientes, formula propuestas y trae a Pleno iniciativas. Es nuestra responsabilidad que nos encomendaron en las elecciones municipales y que vamos a defender, como ahora, ***(se oyen dos señales acústico indicativas de la finalización del tiempo de intervención)*** *por la vía legal si es necesario.*

E xa acabo. Moitas grazas.

Y ya acabo. Muchas gracias.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas. Polo Partido Popular, señora Gallego.

Muchas gracias. Por el Partido Popular, señora Gallego.

Señora Gallego Neira

Señora Gallego Neira

Ben, moitas grazas a todos os que aquí nos acompañan, compañeiros de Corporación, funcionarios, público e a todos os que están na súa casa e escóitannos pola retransmisión en directo.

Bueno, muchas gracias a todos los que aquí nos acompañan, compañeros de Corporación, funcionarios, público y a todos los que están en su casa y nos escuchan por *streaming*.

Hoxe traen a Pleno, 4 de marzo de 2021, a Conta xeral do 2019. Sen comentarios. Da liquidación do Orzamento de 2020 non sabemos nada.

Hoy traen a Pleno, 4 de marzo de 2021, la Cuenta general del 2019. Sin comentarios. De la liquidación del Presupuesto de 2020 no sabemos nada. Igual hoy el señor Lage

Igual hoxe o señor Lage anúncianos o remanente e por fin poderemos saber con canto diñeiro contamos para un novo plan de rescate do que só temos tres folios sen concretar e non sabemos con que achega económica vai contar porque descoñecemos o remanente do ano pasado.

nos anuncia el remanente y por fin podremos saber con cuánto dinero contamos para un nuevo plan de rescate del que solo tenemos tres folios sin concretar y no sabemos con qué aportación económica va a contar porque desconocemos el remanente del año pasado.

4 de marzo de 2020, cun orzamento prorrogado por decisión unilateral da alcaldesa, cuns convenios para entidades sociais, deportivas, culturais, etc. da cidade a medias e aprobados da maneira máis antidemocrática posible e sen plan de rescate social e económico á vista. Por suposto, o plan de rescate fiscal a ingresos cero, impostos cero, proposto polo noso grupo, nada de nada.

4 de marzo de 2020, con un presupuesto prorrogado por decisión unilateral de la alcaldesa, con unos convenios para entidades sociales, deportivas, culturales, etc. de la ciudad a medias y aprobados de la manera más antidemocrática posible y sin plan de rescate social y económico a la vista. Por supuesto, el plan de rescate fiscal a ingresos cero, impuestos cero, propuesto por nuestro grupo, nada de nada.

Os negocios pechados pero seguen pagando taxas e o incremento do IBI do 3%, unha das primeiras decisións do Goberno de Inés Rey nada máis chegar a María Pita, solicitar o catastrazo ao Goberno do Estado. Para iso si que foron áxiles, non para publicar a Ordenanza do galego, por certo, señor Jorquera, que tanto lles urxía e non se podía negociar, sae hoxe publicada, un mes despois da aprobación neste Salón de Plenos. Anunciamos, tamén, que presentaremos alegacións para adaptala á legalidade. Ata o prazo de entrada en vigor está mal.

Los negocios cerrados pero siguen pagando tasas y el incremento del IBI del 3%, una de las primeras decisiones del Gobierno de Inés Rey nada más llegar a María Pita, solicitar el catastrazo al Gobierno del Estado. Para eso sí que fueron ágiles, no para publicar la Ordenanza del gallego, por cierto, señor Jorquera, que tanto les urgía y no se podía negociar, sale hoy publicada, un mes después de la aprobación en este Salón de Plenos. Anunciamos, también, que presentaremos alegaciones para adaptarla a la legalidad. Hasta el plazo de entrada en vigor está mal.

Pero, por desgraza, en marzo de 2021 temos que volver ao pasado, ao ano 2019, que é o tema que nos ocupa agora, a Conta xeral do 2019, ano que gobernaron este Concello a Marea Atlántica e o Partido Socialista. Os datos do 2019 reflicten un remanente de tesourería de 14 millóns para gastos xerais do que a maior parte se destinou a pagar indemnizacións do Castro de Elviña en plena pandemia por herdanza

Pero, por desgracia, en marzo de 2021 tenemos que volver al pasado, al año 2019, que es el tema que nos ocupa ahora, la Cuenta general del 2019, año que gobernaron este Ayuntamiento la Marea Atlántica y el Partido Socialista. Los datos del 2019 reflejan un remanente de tesorería de 14 millones para gastos generales del que la mayor parte se destinó a pagar indemnizaciones del Castro de Elviña en plena pandemia por herencia

socialista. Reflicten que se incumpriu a regra de gasto por segundo ano consecutivo. Reflicten unha diminución da débeda porque coa Marea Atlántica había que pagar aos bancos en lugar de dedicar o diñeiro a investimentos, porque incumprían o período medio de pago. Reflicten unha escasa execución do orzamento, especialmente en investimentos e o abandono dos barrios. En 2019 bateuse récord negativo cunha execución de investimentos que apenas pasou do 20%, o 21,99%, deixando sen executar 34 millóns e medio dos 44,2 dispoñibles.

socialista. Reflejan que se incumplió la regla de gasto por segundo año consecutivo. Reflejan una disminución de la deuda porque con la Marea Atlántica había que pagar a los bancos en lugar de dedicar el dinero a inversiones, porque incumplían el período medio de pago. Reflejan una escasa ejecución del presupuesto, especialmente en inversiones y el abandono de los barrios. En 2019 se batió récord negativo con una ejecución de inversiones que apenas pasó del 20%, el 21,99%, dejando sin ejecutar 34 millones y medio de los 44,2 disponibles.

Por poñer algún exemplo, en concreto, iluminación, mobilidade ou axardinamento, a execución foi de cero, nin un euro de 1,2 millóns do orzamento definitivo. Noutras actuacións de urbanización (rúas, prazas, etc.) deixouse sen executar o 72% desta partida. En novo mobiliario urbano e a súa reposición o 89% sen executar, a pesar da necesidade de renovar bancos e outros elementos das nosas vías. Partidas de subvencións para rehabilitación e/ou accesibilidade en vivendas tamén reflectiron unha preocupante falta de execución: deixaron sen gastar o 74% do orzado. En concreto, para rehabilitación soamente 356.000 euros de 1,38 millóns, unha inexecución do 74%.

Por poner algún ejemplo, en concreto, alumbrado, movilidad o ajardinamiento, la ejecución fue de cero, ni un euro de 1,2 millones del presupuesto definitivo. En otras actuaciones de urbanización (calles, plazas, etc.) se dejó sin ejecutar el 72% de esta partida. En nuevo mobiliario urbano y su reposición el 89% sin ejecutar, a pesar de la necesidad de renovar bancos y otros elementos de nuestras vías. Partidas de subvenciones para rehabilitación y/o accesibilidad en viviendas también reflejaron una preocupante falta de ejecución: dejaron sin gastar el 74% de lo presupuestado. En concreto, para rehabilitación solamente 356.000 euros de 1,38 millones, una inejecución del 74%.

Por se isto fose pouco, en 2019 alcanzouse outro récord histórico ao autorizarse mediante decretos de Alcaldía, metade do ano a Marea e a outra metade o Partido Socialista, 1.569 facturas irregulares con reparo de legalidade suspensivo do interventor, a maioría por servizos sen contrato por importe de 40 millóns. En 2020 van ser máis: limpeza viaria, recollida de lixos, bibliotecas –xa sei

Por si esto fuera poco, en 2019 se alcanzó otro récord histórico al autorizarse mediante decretos de Alcaldía, mitad del año la Marea y la otra mitad el Partido Socialista, 1.569 facturas irregulares con reparo de legalidad suspensivo del interventor, la mayoría por servicios sin contrato por importe de 40 millones. En 2020 van a ser más: limpieza viaria, recogida de basuras, bibliotecas –ya sé que todo esto lo están arreglando–, multitud de

que todo isto estano arranxando–, multitude de servizos sen contratos, porque agora hai outros. Desde a época da Marea, en 2020 hai que engadir a concesión de Nostián coa incerteza para os traballadores. Por tanto, instamos a que liciten os contratos e que volvamos á normalidade administrativa.

servicios sin contratos, porque ahora hay otros. Desde la época de la Marea, en 2020 hay que añadir la concesión de Nostián con la incertidumbre para los trabajadores. Por lo tanto, instamos a que liciten los contratos y que volvamos a la normalidad administrativa.

Para rematar, quero facer un apuntamento relacionado con contas que desmente os contos do Pleno anterior no que a alcaldesa se negou a deixar debater e votar as emendas presentadas polo Partido Popular para os convenios e nin sequera deixou falar ao secretario xeral do Pleno. Dixo que se daban de baixa partidas que podían estar comprometidas ou gastadas. Pois como a mentira ten as patas moi curtas e para que quede constancia neste Pleno, na última Comisión de Facenda preguntei –dado que a nosa proposta propoñía incluír convenios para mellorar as entidades sociais e outras entidades da nosa cidade– baixar o gasto das festas de agosto. Preguntei canto diñeiro se transferiu ao IMCE na data do Pleno, que conta o IMCE con máis de 5 millóns de euros de orzamento de transferencias ***(óese un sinal indicativo da finalización do tempo de intervención)*** *do Concello. A resposta foi clara: hai diñeiro dispoñible porque se transfire aos poucos, como sempre, iso sabíao a alcaldesa que preside o Consello reitor. E aínda por riba, esta semana chegou a liquidación do IMCE de 2020, asinada tamén pola alcaldesa, e o IMCE ten un remanente de 1,4 millóns de euros. En conclusión, as nosas emendas eran viables, legais e a alcaldesa, ademais, sabíao. A prioridade serán as festas, e como sabía que as tiña que anular* ***(óense dous sinais acústicos indicativos da finalización do tempo de***

Para terminar, quiero hacer un apunte relacionado con cuentas que desmiente los cuentos del Pleno anterior en el que la alcaldesa se negó a dejar debatir y votar las enmiendas presentadas por el Partido Popular para los convenios y ni siquiera dejó hablar al secretario general del Pleno. Dijo que se daban de baja partidas que podían estar comprometidas o gastadas. Pues como la mentira tiene las patas muy cortas y para que quede constancia en este Pleno, en la última Comisión de Hacienda pregunté –dado que nuestra propuesta proponía incluir convenios para mejorar las entidades sociales y otras entidades de nuestra ciudad– bajar el gasto de las fiestas de agosto. Pregunté cuánto dinero se había transferido al IMCE en la fecha del Pleno, que cuenta el IMCE con más de 5 millones de euros de presupuesto de transferencias **(se oye una señal indicativa de la finalización del tiempo de intervención)** del Ayuntamiento. La respuesta fue clara: hay dinero disponible porque se transfiere poco a poco, como siempre, eso lo sabía la alcaldesa que preside el Consejo rector. Y para colmo, esta semana llegó la liquidación del IMCE de 2020, firmada también por la alcaldesa, y el IMCE tiene un remanente de 1,4 millones de euros. En conclusión, nuestras enmiendas eran viables, legales y la alcaldesa, además, lo sabía. La prioridad serán las fiestas, y como sabía que las tenía que anular **(se oyen dos señales acústicas indicativas de la finalización del tiempo de intervención)** pues por eso no dejó hablar al secretario.

intervención) *pois por iso non deixou falar ao secretario.*

Sen máis, ímonos abster porque esta conta é do Partido Socialista e da Marea, suman votos e non necesitan o noso. Grazas.

Sin más, nos vamos a abstener porque esta cuenta es del Partido Socialista y de la Marea, suman votos y no necesitan el nuestro. Gracias.

Presidencia

Moitas grazas, señora Gallego. Señor Lage, o seu turno.

Presidencia

Muchas gracias, señora Gallego. Señor Lage, su turno.

Señor Lage Tuñas

Grazas, señora alcaldesa.

En primeiro lugar, agradecer á señora Faraldo a súa honestidade na exposición. Creo que sempre é de agradecer que se fale como fixo a señora Faraldo. Creo que lle honra e, polo tanto, creo que debe de ser recoñecido.

Señor Jorquera, alégrame saber que está preocupado pola consolidación fiscal, aínda que di que non é a maior das súas preocupacións, pero bueno, vese que deben de ser as expectativas ou, incluso, os datos aos que vostede fixo alusión no último Pleno que lles leva a ter, digamos, unha actitude, non sei se máis responsable pero desde logo onde xa inclúen tamén as preocupacións, como por exemplo, citou vostede a caída de ingresos e a necesaria reforma da Lei de facendas locais. Bueno, creo que está claro que actúan con responsabilidade, só que terán que demostralo cando teñamos que decidir sobre prioridades, e sobre prioridades é moi fácil pedir que non se cobren determinados impostos ou taxas, pero iso é o que leva consigo que haxa unha merma de ingresos e, polo tanto, hai que ter unha coherencia e un equilibrio. Non digo que non a teña, digo que a preocupación que

Señor Lage Tuñas

Gracias, señora alcaldesa.

En primer lugar, agradecer a la señora Faraldo su honestidad en la exposición. Creo que siempre es de agradecer que se hable como hizo la señora Faraldo. Creo que le honra y, por lo tanto, creo que debe de ser reconocido.

Señor Jorquera, me alegra saber que está preocupado por la consolidación fiscal, aunque dice que no es la mayor de sus preocupaciones, pero bueno, se ve que deben de ser las expectativas o, incluso, los datos a los que usted hizo alusión en el último Pleno que les lleva a tener, digamos, una actitud, no sé si más responsable pero desde luego donde ya incluyen también las preocupaciones, como por ejemplo, citó usted la caída de ingresos y la necesaria reforma de la Ley de haciendas locales. Bueno, creo que claro está que actúan con responsabilidad, solo que tendrán que demostrarlo cuando tengamos que decidir sobre prioridades, y sobre prioridades es muy fácil pedir que no se cobren determinados impuestos o tasas, pero eso es lo que lleva consigo que haya una merma de ingresos y, por lo tanto, hay que tener una coherencia y un equilibrio. No digo que no la tenga, digo que la

manifesta sobre a caída de ingresos creo que é compartida, creo que é realista e que, ademais, non se pode explicar sen todo o que estamos a vivir. Polo tanto, é certo que hai ferramentas e hai un marco legal que inda podemos exprimir e, polo tanto, estamos abertos tamén a valorar as decisións que se teñan que tomar para que os servizos non se resintan. En calquera caso, o equilibrio entre o que se ingresa e o que se gasta, pois é razoable, e o que lle confire seguramente, non só iso, senón outras moitas cousas que sexan unha forza que tamén goberna e coa que compartimos goberno noutras institucións, pois é unha reflexión responsable como a que acaba de facer, máis alá das diferencias que teñamos porque somos organizacións políticas diferentes.

preocupación que manifiesta sobre la caída de ingresos creo que es compartida, creo que es realista y que, además, no se puede explicar sin todo lo que estamos viviendo. Por lo tanto, es cierto que hay herramientas y hay un marco legal que todavía podemos exprimir y, por lo tanto, estamos abiertos también a valorar las decisiones que se tengan que tomar para que los servicios no se resientan. En cualquier caso, el equilibrio entre lo que se ingresa y lo que se gasta, pues es razonable, y lo que le confiere seguramente, no solo eso, sino otras muchas cosas que sean una fuerza que también gobierna y con la que compartimos gobierno en otras instituciones, pues es una reflexión responsable como la que acaba de hacer, más allá de las diferencias que tengamos porque somos organizaciones políticas diferentes.

Señora Gallego, non lle vou anunciar ningún remanente. Eu xa sei que a vostede lle preocupan as notas de prensa, sempre nolo di, *a ver que nota vai saír*. Pois non sei que nota vai saír, señora Gallego. Tampouco lle podo dicir cal é o remanente porque quedei comprometido a que, cando tivera o dato, llo daría, pero non necesariamente a anuncialo no Pleno, entre outras cousas porque non teño o dato, se non tamén llo daría.

Señora Gallego, no le voy a anunciar ningún remanente. Yo ya sé que a usted le preocupan las notas de prensa, siempre en nos lo dice, a ver qué nota va a salir. Pues no sé qué nota va a salir, señora Gallego. Tampoco le puedo decir cuál es el remanente porque quedé comprometido a que, cuando tuvieseel dato, se lo daría, pero no necesariamente a anunciarlo en el Pleno, entre otras cosas porque no tengo el dato, si no también se lo daría.

Está moi ben que fale da liquidación da débeda do Castro de Elviña. Efectivamente, foi este Goberno o que resolveu –non sei se quere chamarlle histórica ou non– unha débeda. Víñanse pagando intereses ao interese legal do 3%, porque había unha sentenza e o Concello seguía e seguía avultando a cifra que se lle adebedaba a moitos cidadáns. Adebedábaselle por un lado e por outro lado seguía engordando a factura do Concello. Tanto o Goberno

Está muy bien que hable de la liquidación de la deuda del Castro de Elviña. Efectivamente, fue este Gobierno el que resolvió –no sé si quiere llamarle histórica o no– una deuda. Se venían pagando intereses al interés legal del 3%, porque había una sentencia y el Ayuntamiento seguía y seguía abultando la cifra que se les adeudaba a muchos ciudadanos. Se les adeudaba por un lado y por otro lado seguía engordando la factura del Ayuntamiento. Tanto el Gobierno del

do Partido Popular como o da Marea decidiron que non pagaban. Perfecto. Non pasou nada. Si, si, claro que decidiron que non pagaban. De feito, 4 millóns dos 12 son de intereses, señora Gallego, 4 dos 12. O que fixo este Goberno non foi, nin máis nin menos, que actuar con responsabilidade e en vez de pagarlles aos bancos, como vostede dicía, foi pagarlles aos cidadáns e, por certo, deixar de que seguira medrando a conta que tiñamos que seguir sumando e adebedando, como se os cartos non fosen de todos.

Partido Popular como el de la Marea decidieron que no pagaban. Perfecto. No pasó nada. Sí, sí, claro que decidieron que no pagaban. De hecho, 4 millones de los 12 son de intereses, señora Gallego, 4 de los 12. Lo que hizo este Gobierno no fue, nada más y nada menos, que actuar con responsabilidad y en vez de pagarles a los bancos, como usted decía, fue pagarles a los ciudadanos y, por cierto, dejar de que había seguido creciendo la cuenta que teníamos que seguir sumando y adeudando, como si el dinero no fuera de todos.

Contratos sen servizo, alégrame moito que faga esas referencias. Só lle faltou dicir: xa resolveron o que antes non foron capaces de resolver. Limpeza viaria, resolto. Un dos maiores contratos que ten este Concello. Acórdase cando vostede viña ao Pleno desta Corporación? Son peores có anterior Goberno, non compren o período medio de pago. Acabóuselle o conto. Levamos máis dun ano por debaixo dos 30 días, cumprindo escrupulosamente e regularizando contratos. Que é que o Concello funcione? Que é que a cidade volva funcionar? Pois nin máis nin menos que a normalidade, a normalidade, señora Gallego. Agora quédalles, pois, en fin, facer outro tipo de... de... non lles gusta a palabra *performance*, pero se queren busco outra, non hai ningún problema. Non hai ningún problema. Agora, nos últimos 5 anos é a primeira vez que durante 12 meses seguidos, durante 12 meses seguidos se cumpre no pago a provedores. É un feito incontestable, incontestable. E xa que queren anuncios, direille, efectivamente, o que din os datos. Dicía o señor Jorquera que non hai un rexistro de **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** –remato, señora alcaldesa–, non hai un rexistro

Contratos sin servicio, me alegra mucho que haga esas referencias. Solo le faltó decir: ya resolvieron lo que antes no fueron capaces de resolver. Limpieza viaria, resuelto. Uno de los mayores contratos que tiene este Ayuntamiento. ¿Se acuerda cuando usted venía al Pleno de esta Corporación? Son peores que el anterior Gobierno, no cumplen el período medio de pago. Se le acabó el cuento. Llevamos más de un año por debajo de los 30 días, cumpliendo escrupulosamente y regularizando contratos. ¿Qué es que el Ayuntamiento funcione? ¿Qué es que la ciudad vuelva a funcionar? Pues nada más y nada menos que la normalidad, la normalidad, señora Gallego. Ahora les queda, pues, en fin, hacer otro tipo de... de... no les gusta la palabra performance, pero si quieren busco otra, no hay ningún problema. No hay ningún problema. Ahora, en los últimos 5 años es la primera vez que durante 12 meses sucesivos, durante 12 meses sucesivos se cumple en el pago a proveedores. Es un hecho incontestable, incontestable. Y ya que quieren anuncios, le diré, efectivamente, lo que dicen los datos. Decía el señor Jorquera que no hay un registro de ***(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)*** *–finalizo, señora alcaldesa–, no hay un registro de contratos y el inventario de*

de contratos e o inventario de bens. Levan anos léndose eses informes que din o mesmo. Pois xa lle anuncio que, antes de que remate o ano 2021, antes do 31 de decembro, este Concello vai a ter por primeira vez un rexistro de contratos. Fíxese vostede o que son as herdanzas, pero é que vostedes xa gobernaron, e xa gobernaron tamén os compañeiros da Marea, xa gobernaron, que xa llo digo sempre, que ían inventar a roda, pero **(óense dous sinais acústicos indicativos da finalización do tempo de intervención)** a roda xa estaba inventada. Antes do 31 de decembro haberá un rexistro de contratos e este Concello volverá a recuperar a normalidade, innovará e seguirá mellorando. Por certo, acabóuselle o conto do dos contratos que estaban sen regularizar. Seguimos traballando e, polo tanto, seguimos a facer o que nos pediron os cidadáns e o que nos indica a alcaldesa, que eu sei que non lles gusta, sei que non lles gusta, pero a realidade é que hoxe temos unha alcaldesa que dirixe este Concello cun rumbo claro e onde antes había atascos hoxe hai resolución de problemas. Nada máis e moitas grazas.

bienes. Llevan años leyéndose esos informes que dicen lo mismo. Pues ya le anuncio que, antes de que finalice el año 2021, antes del 31 de diciembre, este Ayuntamiento va a tener por primera vez un registro de contratos. Fíjese usted lo que son las herencias, pero es que ustedes ya gobernaron, y ya gobernaron también los compañeros de la Marea, ya gobernaron, que ya se lo digo siempre, que iban a inventar la rueda, pero ***(se oyen dos señales acústicas indicativas de la finalización del tiempo de intervención)*** *la rueda ya estaba inventada. Antes del 31 de diciembre habrá un registro de contratos y este Ayuntamiento volverá a recuperar la normalidad, innovará y seguirá mejorando. Por cierto, se le acabó el cuento de lo de los contratos que estaban sin regularizar. Seguimos trabajando y, por lo tanto, seguimos haciendo lo que nos pidieron los ciudadanos y lo que nos indica la alcaldesa, que yo sé que no les gusta, sé que no les gusta, pero la realidad es que hoy tenemos una alcaldesa que dirige este Ayuntamiento con un rumbo claro y donde antes había atascos hoy hay resolución de problemas. Nada más y muchas gracias.*

Presidencia

Moitas grazas, señor Lage. Procedemos á votación deste punto.

Presidencia

Muchas gracias, señor Lage. Procedemos a la votación de este punto.

Votación do asunto número dous

Seguidamente, por parte da Presidencia sométese a votación o asunto número dous referenciado na orde do día, producíndose o seguinte resultado:

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos).

Abstense o Grupo Municipal do Partido

Votación del asunto número dos

Seguidamente, por parte de la Presidencia se somete a votación el asunto número dos referenciado en el orden del día, produciéndose el siguiente resultado:

Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos).

Se abstiene el Grupo Municipal del

Popular (PP) (9 abstencións).

Vota a favor o Grupo Municipal da Marea Atlántica (MA) (5 votos).

Abstense o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 abstencións).

Vota a favor a concelleira non adscrita dona Mónica Martínez Lema (1 voto).

Abstense a concelleira non adscrita dona Isabel Faraldo Calvo (1 abstención).

Presidencia

Ben, moitas grazas. Queda aprobado.

Acordo

Aprobar a Conta Xeral da Corporación do exercicio 2019, integrada por: a) a conta da propia Entidade, b) a do Organismo Autónomo Instituto Municipal Coruña Espectáculos (IMCE), c) a da Empresa Municipal de Augas da Coruña, SA (EMALCSA), d) a da Empresa Municipal de Vivenda, Servizos e Actividades SAU (EMVSA), e) a do Consorcio de Turismo e Congresos da Coruña, f) a do Consorcio para a Promoción da Música, g) a da Fundación EMALCSA e h) a da Fundación Luís Seoane.

Presidencia

Pasamos ao asunto número tres. Señor Secretario.

URBANISMO, VIVENDA, INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

Urbanismo

Partido Popular (PP) (9 abstenciones).

Vota a favor el Grupo Municipal de la Marea Atlántica (MA) (5 votos).

Se abstiene el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 abstenciones).

Vota a favor la concejala no adscrita doña Mónica Martínez Lema (1 voto).

Se abstiene la concejala no adscrita doña Isabel Faraldo Calvo (1 abstención).

Presidencia

Bien, muchas gracias. Queda aprobado.

Acuerdo

Aprobar la Cuenta General de la Corporación del ejercicio 2019, integrada por: a) la cuenta de la propia Entidad, b) la del Organismo Autónomo Instituto Municipal Coruña Espectáculos (IMCE), c) la de la Empresa Municipal de Aguas de La Coruña SA (EMALCSA), d) la de la Empresa Municipal de Vivienda, Servicios y Actividades SAU (EMVSA), e) la del Consorcio de Turismo y Congresos de La Coruña, f) la del Consorcio para la Promoción de la Música, g) la de la Fundación EMALCSA y h) la de la Fundación Luís Seoane.

Presidencia

Pasamos al asunto número tres. Señor Secretario.

URBANISMO, VIVIENDA, INFRAESTRUCTURAS Y MOVILIDAD

Urbanismo

46.- Expte. 621/2020/65 EDD-1/20
Aprobación definitiva do Estudo de detalle de reaxuste de aliñacións e ordenación de volumes nas parcelas situadas no cruzamento da rúa Marqués de Pontejos coa súa San Nicolás.

Este asunto foi ditaminado pola Comisión de Urbanismo, Vivenda, Infraestruturas e Mobilidade, co carácter de informativa, do 1 de marzo de 2021, co voto favorable do Grupo Municipal Socialista, e as abstencións dos Grupos Municipais do Partido Popular, Marea Atlántica e BNG, propoñéndose ao Pleno municipal a adopción dos acordos seguintes:

PRIMEIRO.- Aprobar definitivamente o documento do "Estudo de detalle de reaxuste de aliñacións e ordenación de volumes nas parcelas situadas no cruzamento da Rúa Marqués de Pontejos coa Rúa San Nicolás. A Coruña. Febreiro 2021", redactado polo Arquitecto Jorge Salgado Cortizas, colexiado número 1.879 do C.O.A.G., e promovido polo Concello de A Coruña.

SEGUNDO.- Ordenar a realización dos trámites administrativos recollidos no artigo 82 e 88 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e concordantes do regulamento de desenvolvemento desta, para procurar a eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do estudo de detalle aprobado.

TERCEIRO.- Notificar este acordo ao promotor e ás áreas municipais interesadas na tramitación do expediente.

<u>Señor secretario</u>

46.- Expte. 621/2020/65 EDD-1/20
Aprobación definitiva del Estudio de detalle de reajuste de alineaciones y ordenación de volúmenes en las parcelas situadas en el cruce de la calle Marqués de Pontejos con la calle San Nicolás.

Este asunto fue dictaminado por la Comisión de Urbanismo, Vivienda, Infraestructuras y Mobilidad, con el carácter de informativa, del 1 de marzo de 2021, con el voto favorable del Grupo Municipal Socialista y las abstenciones de los Grupos Municipales del Partido Popular, Marea Atlántica y BNG, proponiéndose al Pleno municipal la adopción de los acuerdos siguientes:

PRIMERO.- Aprobar definitivamente el documento del "Estudio de detalle de reajuste de alineaciones y ordenación de volúmenes en las parcelas ubicadas en el cruce de la Calle Marqués de Pontejos con la Calle San Nicolás. A Coruña. Febrero 2021", redactado por el Arquitecto Jorge Salado Cortizas, colegiado número 1.879 del C.O.A.G. y promovido por el Ayuntamiento de A Coruña.

SEGUNDO.- Ordenar la realización de los trámites administrativos recogidos en el artículo 82 y 88 de la Ley 2/2016, de 10 de febrero, del suelo de Galicia, y concordantes del reglamento de desarrollo de esta, para procurar la eficacia del acto de aprobación definitiva y la entrada en vigor del estudio de detalle aprobado.

TERCERO.- Notificar este acuerdo al promotor y a las áreas municipales interesadas en la tramitación del expediente.

<u>Señor secretario</u>

Asunto número tres: aprobación definitiva do Estudo de detalle de reaxuste de aliñacións e ordenación de volumes nas parcelas situadas no cruzamento da rúa Marqués de Pontejos coa súa San Nicolás.

Ás dez horas e cincuenta e dous minutos sae do Salón de Sesións a señora García Gómez.

Presidencia

Ben, neste asunto ten a palabra, en primeiro lugar, o concelleiro de Urbanismo, señor Díaz Villoslada, e despois haberá dúas quendas, a primeira de 5 minutos e a segunda de 3 minutos.

Señor Díaz Villoslada, cando queira.

Señor Díaz Villoslada

Si, bo día. Grazas, señora alcaldesa.

Saudar a toda a Corporación e a todos os que seguen este Pleno, pero antes que como concelleiro de Urbanismo vou facer unha primeira intervención como secretario da Xunta de Goberno local á vista de algunhas das alusións que se fixeron na intervención anterior. É unha mágoa que a señora García teña saído. Porque, señora García, non admitimos nin admito como secretario da Xunta de Goberno local ningunha das acusacións que se acaban de verter neste Pleno relativas ás posibles actuacións de ilegalidade dos órganos de goberno. Non son en absoluto admisibles e se se quere verter calquera acusación nese sentido debe facerse ante os órganos competentes.

Supoño que coñecen o artigo 10 da Lei de bases, supoño. Supoño que coñecen a absoluta anomalía que supón concibir a Xunta de Goberno local como órgano

Asunto número tres: aprobación definitiva del Estudio de detalle de reajuste de alineaciones y ordenación de volúmenes en las parcelas situadas en el cruce de la calle Marqués de Pontejos con la calle San Nicolás.

A las diez horas y cincuenta y dos minutos sale del Salón de Sesiones la señora García Gómez.

Presidencia

Bien, en este asunto tiene la palabra, en primer lugar, el concejal de Urbanismo, señor Díaz Villoslada, y después habrá dos turnos, el primero de 5 minutos y el segundo de 3 minutos.

Señor Díaz Villoslada, cuando quiera.

Señor Díaz Villoslada

Sí, buenos días. Gracias, señora alcaldesa.

Saludar a toda la Corporación y a todos los que siguen este Pleno, pero antes que como concejal de Urbanismo voy a hacer una primera intervención como secretario de la Junta de Gobierno local a la vista de algunas de las alusiones que se hicieron en la intervención anterior. Es una lástima que la señora García haya salido. Porque, señora García, no admitimos ni admito como secretario de la Junta de Gobierno local ninguna de las acusaciones que se acaban de verter en este Pleno relativas a las posibles actuaciones de ilegalidad de los órganos de gobierno. No son en absoluto admisibles y si se quiere verter cualquier acusación en ese sentido debe hacerse ante los órganos competentes.

Supongo que conocen el artículo 10 de la Ley de Bases, supongo. Supongo que conocen la absoluta anomalía que supone concebir la Junta de Gobierno local como

de participación. É un órgano de goberno dos concellos, dos municipios de gran poboación, e é así, e é así. E en segundo lugar, todos os asuntos que se presentan na orde do día da Xunta de Goberno local veñen, sempre que teñen contido económico, fiscalizados correspondentemente e cos informes xurídicos que procedan para logo ser certificados polos órganos de habilitación nacional correspondentes. Polo tanto, non admitimos e non admito a título persoal, neste caso como secretario da Xunta de Goberno local ningunha insinuación das verquidas neste Pleno por parte do Grupo Municipal da Marea Atlántica que tivo, por certo, a ocasión de gobernar no mandato anterior, coñecendo as disposicións legais aplicables.

órgano de participación. Es un órgano de gobierno de los ayuntamientos, de los municipios de gran población, y es así, y es así. Y en segundo lugar, todos los asuntos que se presentan en el orden del día de la Junta de Gobierno local vienen, siempre que tienen contenido económico, fiscalizados correspondientemente y con los informes jurídicos que procedan para luego ser certificados por los órganos de habilitación nacional correspondientes. Por lo tanto, no admitimos y no admito a título personal, en este caso como secretario de la Junta de Gobierno local ninguna insinuación de las vertidas en este Pleno por parte del Grupo Municipal de la Marea Atlántica que tuvo, por cierto, la ocasión de gobernar en el mandato anterior, conociendo las disposiciones legales aplicables.

Pecho esta necesaria paréntese, na miña opinión, para falar do asunto primeiro dos tres que en materia urbanística traemos a este Pleno. Traemos tres asuntos que consideramos relevantes para a cidade, tres asuntos relevantes en materia de rehabilitación e de vivenda, en materia de fortalecemento do noso sistema sanitario e en materia de mellora substancial dos procesos de mobilidade de toda a nosa área metropolitana.

Cierro este necesario paréntesis, en mi opinión, para hablar del asunto primero de los tres que en materia urbanística traemos a este Pleno. Traemos tres asuntos que consideramos relevantes para la ciudad, tres asuntos relevantes en materia de rehabilitación y de vivienda, en materia de fortalecimiento de nuestro sistema sanitario y en materia de mejora sustancial de los procesos de movilidad de toda nuestra área metropolitana.

Ás dez horas e cincuenta e catro minutos auséntase da sesión, á que asiste telematicamente, o señor Lema Suárez.

A las diez horas y cincuenta y cuatro minutos se ausenta de la sesión, a la que asiste telemáticamente, el señor Lema Suárez.

Polo que respecta ao primeiro dos asuntos, que se trata da proposta de aprobación definitiva do estudo de detalle para o reaxuste de aliñacións e ordenación de volumes nas parcelas sitas no cruzamento da rúa Marqués de Pontejos coa rúa San Nicolás, como figura no expediente, no mes de marzo de 2020, o Servizo de Rehabilitación e

Por lo que respecta al primero de los asuntos, que se trata de la propuesta de aprobación definitiva del estudio de detalle para el reajuste de alineaciones y ordenación de volúmenes en las parcelas sitas en el cruce de la calle Marqués de Pontejos con la calle San Nicolás, como figura en el expediente, en el mes de marzo de 2020, el Servicio de

Vivenda solicitara a redacción deste estudo de detalle porque era necesario levar adiante o proxecto que estaba previsto para a execución dun edificio de 5 vivendas que serán municipais en réxime de alugueiro nese cruce da rúa Marqués de Pontejos 15 coa rúa de San Nicolás 26. Nese sentido, como tamén figura no expediente, a Xunta de Goberno local aprobara ese proxecto en sesión do 8 de outubro de 2020 para someterse á necesaria información pública, trámite de información pública no que non se recibiu ningunha alegación e tráese, precisamente, xa a proposta para esta aprobación definitiva deste necesario estudo de detalle porque a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia emitiu o correspondente informe favorable con data 1 de febreiro pasado.

Rehabilitación y Vivienda había solicitado la redacción de este estudio de detalle porque era necesario llevar adelante el proyecto que estaba previsto para la ejecución de un edificio de 5 viviendas que serán municipales en régimen de alquiler en ese cruce de la calle Marqués de Pontejos 15 con la calle de San Nicolás 26. En ese sentido, como también figura en el expediente, la Junta de Gobierno local había aprobado ese proyecto en sesión de 8 de octubre de 2020 para someterse a la necesaria información pública, trámite de información pública en el que no se recibió ninguna alegación y se trae, precisamente, ya la propuesta para esta aprobación definitiva de este necesario estudio de detalle porque la Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de la Xunta de Galicia emitió el correspondiente informe favorable con fecha 1 de febrero pasado.

É obxecto, como sabemos o como tivemos ocasión de analizar e ditaminar na Comisión Informativa de Urbanismo e de Vivenda deste pasado luns, o reaxuste destas aliñacións establecidas polo PEPRI de 2015 na rúa de Marqués de Pontejos, neste cruce con San Nicolás, axustándoa necesariamente á medianeira existente nesta última, ordenando, ademais, os volumes edificables e establecendo as necesarias condicións estéticas para esta edificación. Afecta ás dúas parcelas catastrais que están identificadas no expediente, cunha superficie total de 204,79 m^2, todas elas, as dúas, de titularidade municipal.

Es objeto, como sabemos o como tuvimos ocasión de analizar y dictaminar en la Comisión Informativa de Urbanismo y de Vivienda de este pasado lunes, el reajuste de estas alineaciones establecidas por el PEPRI de 2015 en la calle de Marqués de Pontejos, en este cruce con San Nicolás, ajustándola necesariamente a la medianera existente en esta última, ordenando, además, los volúmenes edificables y estableciendo las necesarias condiciones estéticas para esta edificación. Afecta a las dos parcelas catastrales que están identificadas en el expediente, con una superficie total de 204,79 m2, todas ellas, las dos, de titularidad municipal.

A ordenación do edificio dá lugar a un edificio dun baixo máis 4 plantas cara á rúa Marqués de Pontejos, de baixo máis 3 máis ático nas plantas na fronte da rúa de San Nicolás. Acada unha edificabilidade máxima de 700,31 m^2 e un volume máximo de 2.351,80 m^2,

La ordenación del edificio da lugar a un edificio de un bajo más 4 plantas hacia la calle Marqués de Pontejos, de bajo más 3 más ático en las plantas en el frente de la calle de San Nicolás. Alcanza una edificabilidad máxima de 700,31 m2 y un volumen máximo de 2.351,80 m2, inferior

inferior ao máximo permitido no planeamento.

Por iso e unha vez ditaminada favorablemente na Comisión Informativa de Urbanismo e de Vivenda deste pasado luns, e tendo en conta tamén a nota de conformidade da Secretaría Xeral do Pleno, sométese á aprobación desta Corporación, deste Pleno, esta aprobación definitiva do estudo de detalle para poder levar adiante esta promoción municipal.

Grazas.

Ás dez horas e cincuenta e sete minutos reincorpórase á sesión, á que asiste telematicamente, o señor Lema Suárez.

Presidencia

Moitas grazas, señor Díaz Villoslada.

Iniciamos a quenda de debate. Señora Faraldo, 5 minutos.

Señora Faraldo Calvo

Bueno, vén hoxe a Pleno a aprobación definitiva do estudo de detalle desta parcela localizada nunha arteria do corazón da cidade. Hai que lembrar que esa parcela, da que o Concello era primeiramente propietaria de algo máis da metade, levou á Concellaría de Rexeneración Urbana do anterior mandato a plantexar a posibilidade de comprar unha parceliña que completa o solar actual. Compra que se fixo cunha intención clara: aumentar o parque de vivendas públicas do Concello da Coruña, xa que neste solar, segundo o PEPRI, podía edificarse, aínda que as súas peculiaridades e singularidades, entre as que se encontra a aliñación da rúa, ralentizaron os trámites de

al máximo permitido en el planeamiento.

Por eso y una vez dictaminada favorablemente en la Comisión Informativa de Urbanismo y de Vivienda de este pasado lunes, y teniendo en cuenta también la nota de conformidad de la Secretaría General del Pleno, se somete a la aprobación de esta Corporación, de este Pleno, esta aprobación definitiva del estudio de detalle para poder llevar adelante esta promoción municipal.

Gracias.

A las diez horas y cincuenta y siete minutos se reincorpora a la sesión, a la que asiste telemáticamente, el señor Lema Suárez.

Presidencia

Muchas gracias, señor Díaz Villoslada.

Iniciamos el turno de debate. Señora Faraldo, 5 minutos.

Señora Faraldo Calvo

Bueno, viene hoy a Pleno la aprobación definitiva del estudio de detalle de esta parcela localizada en una arteria del corazón de la ciudad. Hay que recordar que esa parcela, de la que el Ayuntamiento era primeramente propietaria de algo más de la mitad, llevó a la Concejalía de Regeneración Urbana del anterior mandato a plantear la posibilidad de comprar una parcelita que completa el solar actual. Compra que se hizo con una intención clara: aumentar el parque de viviendas públicas del Ayuntamiento de A Coruña, ya que en este solar, según el PEPRI, podía edificarse, aunque sus peculiaridades y singularidades, entre las que se encuentra la alineación de la calle, ralentizaron los

licitación e redacción do proceso de execución, avaliado continuamente, como non podía ser doutra maneira, pola Comisión do PEPRI.

trámites de licitación y redacción del proceso de ejecución, evaluado continuamente, como no podía ser de otra manera, por la Comisión del PEPRI.

Ás dez horas e cincuenta e oito minutos sae do Salón de Sesións o señor Celemín Santos.

A las diez horas y cincuenta y ocho minutos sale del Salón de Sesiones el señor Celemín Santos.

Finalmente, óptase por facer un estudo de detalle para clarificar as condicións totais do solar e regularizalo urbanisticamente, que é o que hoxe nos trae...

Finalmente, se opta por hacer un estudio de detalle para clarificar las condiciones totales del solar y regularizarlo urbanísticamente, que es lo que hoy nos trae...

(Deixa de escoitarse no Salón de Plenos á señora Faraldo, que asiste telematicamente a esta sesión).

(Deja de escucharse en el Salón de Plenos a la señora Faraldo, que asiste telematicamente a esta sesión).

Presidencia

Presidencia

Un momento, señora Faraldo. Un segundiño.

Un momento, señora Faraldo. Un segundito.

Un segundo, por favor, señora Faraldo, porque está un... momento *streaming* que non dá retorno. Un segundo.

Un segundo, por favor, señora Faraldo, porque está un... momento retransmisión en directo que no da retorno. Un segundo.

Ás dez horas e cincuenta e nove minutos entra no Salón de Sesións a señora García Gómez.

A las diez horas y cincuenta y nueve minutos entra en el Salón de Sesiones la señora García Gómez.

Presidencia

Presidencia

Escóitase, na retransmisión escóitase. No único sitio onde non se escoita é no Salón.

Se escucha, en streaming se escucha. En el único sitio donde no se escucha es en el Salón.

Ben, para non parar o debate innecesariamente, señora Faraldo, mentres arranxan o tema do *streaming*, pasamos, se non hai inconveniente, ao seguinte grupo, ao BNG para que faga a súa intervención e despois intentamos retomar coa señora Faraldo, que consumiu un minuto.

Presidencia

Ben, moitas grazas.

Bien, muchas gracias.

Polo Bloque Nacionalista Galego, señor Jorquera.

Por el Bloque Nacionalista Galego, señor Jorquera.

Ás trece horas e un minuto entran no Salón de Sesións a señora Sobral Cabanas e o señor Martínez Durán, e auséntase da sesión, á que asiste telematicamente, o señor Lema Suárez.

A las trece horas y un minuto entran en el Salón de Sesiones la señora Sobral Cabanas y el señor Martínez Durán, y se ausenta de la sesión, a la que asiste telemáticamente, el señor Lema Suárez.

Señor Jorquera Caselas

Señor Jorquera Caselas

Grazas, señora alcaldesa.

Gracias, señora alcaldesa.

Creo que todos estamos de acordo en que o fomento da práctica deportiva é fundamental para promover unha forma de vida máis saudábel e outros valores asociados ó deporte, como a cooperación, o espírito de equipo ou a capacidade de superación, e dentro da práctica deportiva reviste singular importancia o deporte ó ar libre. Unha cidade pensada para que se poida practicar deporte ó ar libre é unha cidade máis humana, feita á medida das persoas. Por iso coincidimos co título desta iniciativa: moción para fomentar o deporte ó ar libre. Pero nos chama a atención que a parte resolutiva estea só centrada nas instalacións de calistenia, solicitando a creación de novas instalacións, a mellora das instalacións existentes e cartaces informativos.

Creo que todos estamos de acuerdo en que el fomento de la práctica deportiva es fundamental para promover una forma de vida más saludable y otros valores asociados al deporte, como la cooperación, el espíritu de equipo o la capacidad de superación, y dentro de la práctica deportiva reviste singular importancia el deporte al aire libre. Una ciudad pensada para que se pueda practicar deporte al aire libre es una ciudad más humana, hecha a la medida de las personas. Por eso coincidimos con el título de esta iniciativa: moción para fomentar el deporte al aire libre. Pero nos llama la atención que la parte resolutiva esté solo centrada en las instalaciones de calistenia, solicitando la creación de nuevas instalaciones, la mejora de las instalaciones existentes y carteles informativos.

Comento isto porque a práctica deportiva ó ar libre é moito máis diversa. Aparte dos exemplos que se

Comento esto porque la práctica deportiva al aire libre es mucho más diversa. Aparte de los ejemplos que se ponen en la

poñen na exposición de motivos, como o ciclismo, o sendeirismo, o running e outros moitos, a práctica deportiva ó ar libre inclúe, por exemplo, tamén o skating nas súas distintas modalidades e hai unha infradotación de pistas e parques de skate que é necesario corrixir, tamén os deportes de equipa.

exposición de motivos, como el ciclismo, el senderismo, el running y otros muchos, la práctica deportiva al aire libre incluye, por ejemplo, también el skating en sus distintas modalidades y hay una infradotación de pistas y parques de skate que es necesario corregir, también los deportes de equipo.

Nesta cidade hai moitos soares abandonados que en moitos casos son un foco de sucidade e de degradación. Varias veces na Comisión de Deportes suxerimos a posibilidade de que o Concello chegase a un acordo cos propietarios para que mentres non se urbanicen se lles poida dar outro uso en beneficio da comunidade, acondicionándoos por exemplo para instalar pistas de basket ou para a práctica doutros deportes.

En esta ciudad hay muchos solares abandonados que en muchos casos son un foco de suciedad y de degradación. Varias veces en la Comisión de Deportes sugerimos la posibilidad de que el Ayuntamiento llegara a un acuerdo con los propietarios para que mientras no se urbanicen se les pueda dar otro uso en beneficio de la comunidad, acondicionándolos por ejemplo para instalar pistas de basket o para la práctica de otros deportes.

Deporte ó ar libre son tamén os deportes náuticos. A Coruña ten un inmenso potencial neste eido non suficientemente aproveitado. Nese sentido, o BNG ten feito propostas, como instalar unha base náutica nos terreos da antiga Conserveira Celta para a práctica do remo olímpico ou de modalidades de piragüismo, que hoxe na Coruña carecen dun lugar axeitado, ou instalar no coñecido como Porto Piollo, nas Xubias, unha base de embarcacións tradicionais. Os encontros de embarcacións tradicionais non só teñen unha dimensión deportiva, dinamizan sectores da economía tradicional e contribúen a protexer, conservar e divulgar o patrimonio marítimo galego, alén do seu grande potencial turístico. En moitos países do arco atlántico, sen máis tradición marítima que Galiza, estes encontros atraen milleiros de visitantes.

Deporte al aire libre son también los deportes náuticos. A Coruña tiene un inmenso potencial en este ámbito no suficientemente aprovechado. En ese sentido, el BNG ha hecho propuestas, como instalar una base náutica en los terrenos de la antigua Conservera Celta para la práctica del remo olímpico o de modalidades de piragüismo, que hoy en A Coruña carecen de un lugar idóneo, o instalar en el conocido como Porto Piollo, en As Xubias, una base de embarcaciones tradicionales. Los encuentros de embarcaciones tradicionales no solo tienen una dimensión deportiva, dinamizan sectores de la economía tradicional y contribuyen a proteger, conservar y divulgar el patrimonio marítimo gallego, más allá de su gran potencial turístico. En muchos países del arco atlántico, sin más tradición marítima que Galicia, estos encuentros atraen millares de visitantes.

Poño todos estes exemplos, como podería poñer máis, porque dende o

Pongo todos estos ejemplos, como podría poner más, porque desde nuestro punto de

noso punto de vista esta moción está excesivamente focalizada nunha única cuestión, chegando incluso a un grao de concreción discutíbel. Sinceramente, non sei se é lóxico que a través dunha moción definamos os emprazamentos exactos nos que se teñen que instalar os parques de calistenia, pero en calquera caso, pese a todos estes matices, o BNG, en vez de emendar as iniciativas doutros Grupos e doutros concelleiros, prefire plasmar as súas propostas nas súas propias iniciativas, e coincidimos coa preocupación que inspira esta moción. Por esa razón imos votar a favor da mesma.

vista esta moción está excesivamente focalizada en una única cuestión, llegando incluso a un grado de concreción discutible. Sinceramente, no sé si es lógico que a través de una moción definamos los emplazamientos exactos en los que se tienen que instalar los parques de calistenia, pero en cualquier caso, pese a todos estos matices, el BNG, en vez de enmendar las iniciativas de otros Grupos y de otros concejales, prefiere plasmar sus propuestas en sus propias iniciativas, y coincidimos con la preocupación que inspira esta moción. Por esa razón vamos a votar a favor de la misma.

Moitas grazas.

Muchas gracias.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas, señor Jorquera.

Muchas gracias, señor Jorquera.

Pola Marea Atlántica, señora Delso.

Por la Marea Atlántica, señora Delso.

Señora Delso Carreira

Señora Delso Carreira

(...) a este pleno, profesionais dos medios de comunicación e, por suposto á toda a veciñanza que nos seguides por *streaming*.

(...) a este pleno, profesionales de los medios de comunicación y, por supuesto a la todo el vecindario que nos seguís en directo.

En xeral estamos tamén de acordo co espírito da moción e a necesidade —diría máis, a urxencia— de promover a actividade deportiva ó ar libre e para iso as infraestruturas de calistenia mencionadas na moción poden ser unha posibilidade, pero non poden ser a única iniciativa, nin tampouco podemos perder de vista a necesidade de que as actividades deportivas, e aínda máis nestes momentos, sexan supervisadas por profesionais.

En general estamos también de acuerdo con el espíritu de la moción y la necesidad —diría más, la urgencia— de promover la actividad deportiva al aire libre y para eso las infraestructuras de calistenia mencionadas en la moción pueden ser una posibilidad, pero no pueden ser la única iniciativa, ni tampoco podemos perder de vista a necesidad de que las actividades deportivas, y aún más en estos momentos, sean supervisadas por profesionales.

Ás trece horas e seis minutos reincorpórase á sesión, á que asiste telematicamente o señor Lema

A las trece horas y seis minutos se reincorpora a la sesión, a la que asiste telemáticamente el señor Lema Suárez.

Suárez.

Dende a Marea Atlántica levamos tempo alertando neste pleno e tamén na Comisión de Deportes da absoluta falta de atención por parte do Goberno local das súas competencias en materia de promoción da actividade deportiva na cidade e para toda a poboación. É preciso, tal e como incluímos na emenda que presentamos a esta moción, que o Goberno municipal recupere canto antes e amplíe a oferta de actividades deportivas ó aire libre do programa "Coruña en forma" para a primavera-verán deste mesmo ano. Non pode acontecer como o ano pasado, cando o Goberno municipal foi incapaz de poñelo en marcha. Un programa que, por certo, dende a súa primeira edición en 2016 e ata 2019 multiplicou por 5 a súa asistencia.

Desde la Marea Atlántica llevamos tiempo alertando en este pleno y también en la Comisión de Deportes de la absoluta falta de atención por parte del Gobierno local de sus competencias en materia de promoción de la actividad deportiva en la ciudad y para toda la población. Es preciso, tal y como incluimos en la enmienda que presentamos a esta moción, que el Gobierno municipal recupere lo antes posible y amplíe la oferta de actividades deportivas al aire libre del programa "Coruña en forma" para la primavera-verano de este mismo año. No puede suceder como el año pasado, cuando el Gobierno municipal fue incapaz de ponerlo en marcha. Un programa que, por cierto, desde su primera edición en 2016 y hasta 2019 multiplicó por 5 su asistencia.

Sorprende tamén a desaparición nas subvencións de deportes recentemente aprobadas en Xunta de Goberno das actividades na natureza e a decisión de destinar un 4 % destas subvencións a actividades sedentarias. Neste momento? De verdade, señora Martínez? De verdade, señora Rey?

Sorprende también la desaparición en las subvenciones de deportes recién aprobadas en Junta de Gobierno de las actividades en la naturaleza y la decisión de destinar un 4 % de estas subvenciones a actividades sedentarias ¿En este momento? ¿de verdad, señora Martínez? ¿De verdad, señora Rey?

Despois de case un ano de pandemia, confinamento mediante, a falta de actividade deportiva e o sedentarismo de gran parte da poboación é máis preocupante e debería preocupar, e moito, ó Goberno municipal da Coruña. Doulles algúns datos: o confinamento agravou o problema da inactividade física en toda a poboación e provocou un aumento das lesións deportivas por falta de supervisión. A poboación adulta diminuíu a actividade física diaria, en máis dun 58 % o tempo de camiñata, e aumentou en máis dun 23 % o tempo sedentario. En poboación infantil e adolescente diminuíu de 154 a 63

Después de casi un año de pandemia, confinamiento mediante, la falta de actividad deportiva y el sedentarismo de gran parte de la población es más preocupante y debería preocupar, y mucho, al Gobierno municipal de A Coruña. Les doy algunos datos: el confinamiento agravó el problema de la inactividad física en toda la población y provocó un aumento de las lesiones deportivas por falta de supervisión. La población adulta disminuyó la actividad física diaria, en más de un 58 % el tiempo de caminata, y aumentó en más de un 23 % el tiempo sedentario. En población infantil y adolescente disminuyó de 154 a

minutos a actividade física diaria, e aumentou de 4,3 a 6,1 horas, máis dun 41 % o tempo de pantalla.

63 minutos la actividad física diaria, y aumentó de 4,3 a 6,1 horas, más de un 41 % el tiempo de pantalla.

A inactividade física é unha das principais causas de 35 enfermidades crónicas e responsable do 13,4 % das mortes anuais en España. A actividade física, pola súa parte, é un importante factor de protección para a prevención de enfermidades como a cardiovascular, a diabetes de tipo dous **(interrómpese o son no Salón de Plenos e continúa a retransmisión en directo da intervención)** e varios tipos de cancro, así como o deterioro cognitivo e os síntomas da depresión e da ansiedade, según as directrices da OMS sobre a actividade física e hábitos sedentarios publicadas o ano pasado.

La inactividad física es una de las principales causas de 35 enfermedades crónicas y responsable del 13,4 % de las muertes anuales en España. La actividad física, por su parte, es un importante factor de protección para la prevención de enfermedades como la cardiovascular, la diabetes de tipo dos ***(se interrumpe lo sonido en el Salón de Plenos y continúa la retransmisión en directo de la intervención)*** *y varios tipos de cáncer, así como el deterioro cognitivo y los síntomas de la depresión y de la ansiedad, según las directrices de la OMS sobre la actividad física y hábitos sedentarios publicadas el año pasado.*

Todos estes datos foron feitos públicos no pasado mes de decembro pola Plataforma Galega pola Actividade Física e o Deporte, promovidas polo COLEF Galicia, Asociación de Empresas Xestoras de Instalacións Deportivas e a Asociación Galega de Xestión Deportiva. Neste informe tamén se alerta de que dende que rematou o confinamento domiciliario e puido saírse á rúa para comezar a práctica físico-deportiva ou retomar o que se realizaba anteriormente, o persoal médico —como dicía antes— observou un aumento das lesións ou eventos derivados dunha falta de progresión e de práctica deportiva axeitada.

Todos estos datos fueron hechos públicos en el pasado mes de diciembre por la Plataforma Galega por la Actividad Física y el Deporte, promovidas por el COLEF Galicia, Asociación de Empresas Gestoras de Instalaciones Deportivas y la Asociación Galega de Gestión Deportiva. En este informe también se alerta de que desde que finalizó el confinamiento domiciliario y pudo salirse a la calle para comenzar la práctica físico-deportiva o retomar lo que se realizaba anteriormente, el personal médico —como decía antes— observó un aumento de las lesiones o eventos derivados de una falta de progresión y de práctica deportiva adecuada.

Por iso insistimos nun elemento fundamental que botamos tamén en falla na moción, e é que o deporte e calquera práctica deportiva, pois precisa tamén profesionais e precisa tamén programas. Ou sexa, políticas públicas deportivas que a orienten. Tan importantes son as infraestruturas como

Por eso insistimos en un elemento fundamental que echamos también en falta en la moción, y es que el deporte y cualquier práctica deportiva, pues necesita también profesionales y necesita también programas. O sea, políticas públicas deportivas que la orienten. Tan importantes son las infraestructuras como

os profesionais para esta práctica deportiva.

los profesionales para esta práctica deportiva.

Ás trece horas e once minutos saen do Salón de Sesións as señoras Neira Fernández e Cameán Calvete.

A las trece horas y once minutos salen del Salón de Sesiones las señoras Neira Fernández y Cameán Calvete.

Non cabe dúbida científica tampouco de que a inactividade física é un grave problema de saúde pública con importantes consecuencias cuxa solución pasa por un aumento desta práctica da educación física, práctica da actividade deportiva e o deporte, e tampouco cabe ningunha dúbida, evidentemente, da estreita relación entre deporte e saúde e de que a promoción e protección da práctica deportiva é fundamental na loita contra a COVID. A práctica físico-deportiva diminúe de feito o risco de enfermidade infecciosa adquirida nun 31 %, según os últimos estudos.

No cabe duda científica tampoco de que la inactividad física es un grave problema de salud pública con importantes consecuencias cuya solución pasa por un aumento de esta práctica de la educación física, práctica de la actividad deportiva y el deporte, y tampoco cabe ninguna duda, evidentemente, de la estrecha relación entre deporte y salud y de que la promoción y protección de la práctica deportiva es fundamental en la lucha contra la COVID. La práctica físico-deportiva disminuye de hecho el riesgo de enfermedad infecciosa adquirida en un 31 %, según los últimos estudios.

En definitiva —e remato xa—, o Goberno municipal debería atender a todos estes datos, debería atender as súas competencias como Administración local, pero tamén debería atender á Lei do Deporte de Galicia e promover políticas públicas de promoción e fomento do deporte, da actividade deportiva, ó aire libre tamén, para a mellora da saúde pública para toda a poboación.

En definitiva —y finalizo ya—, el Gobierno municipal debería atender a todos estos datos, debería atender sus competencias como Administración local, pero también debería atender a la Ley del Deporte de Galicia y promover políticas públicas de promoción y fomento del deporte, de la actividad deportiva, al aire libre también, para la mejora de la salud pública para toda la población.

Incorporada a nosa emenda, votaremos a favor.

Incorporada nuestra enmienda, votaremos a favor.

Máis nada.

Nada más.

Ás trece horas e doce minutos recupérase o son e sae do Salón de Sesións o señor Jorquera Caselas.

A las trece horas y doce minutos se recupera el sonido y sale del Salón de Sesiones el señor Jorquera Caselas.

Presidencia

Presidencia

Estamos, me escoitan? Tivemos un

Estamos, ¿me oyen? Tuvimos un problema

problema técnico no final da intervención da señora Delso. Non sei se...bueno, creo que seguíu falando, señora Delso. Se quere aproveitar o tempo que lle queda para facer un pequeno resumo...

técnico en el final de la intervención de la señora Delso. No sé si... bueno, creo que siguió hablando, señora Delso. Si quiere aprovechar el tiempo que le queda para hacer un pequeño resumen...

Señora Delso Carreira

Señora Delso Carreira

Bueno, non sei ata que punto escoitáchedes. En todo caso, bueno, eu insistía en que unha vez incorporada a nosa emenda, pois votariamos a favor. Botamos en falla, un pouquiño na liña do que dicía o señor Jorquera, distintos elementos na moción. Botamos en falla sobre todo moita iniciativa por parte do Goberno municipal ó respecto da promoción e da posta en marcha de políticas públicas que fomenten a práctica deportiva. Din unha serie de datos, ou sexa, moi preocupantes sobre a situación do sedentarismo nestes momentos e coa cuestión da COVID e que creo que deberían ser da incumbencia do Goberno municipal, e en definitiva, pois propoñemos que se incorpore e que se poña en marcha canto antes o programa "Coruña en forma", que é un programa ademais moi adecuado para as circunstancias actuais, se poden manter todas as distancias de seguridade, etcétera, e tamén pois incorporar as actividades deportivas e de lecer para a mocidade, porque os datos tamén son moi alarmantes. E nada máis.

Bueno, no sé hasta qué punto oísteis. En todo caso, bueno, yo insistía en que una vez incorporada nuestra enmienda, pues votaríamos a favor. Echamos en falta, un poquito en la línea de lo que decía el señor Jorquera, distintos elementos en la moción. Echamos en falta sobre todo mucha iniciativa por parte del Gobierno municipal respecto de la promoción y de la puesta en marcha de políticas públicas que fomenten la práctica deportiva. Di una serie de datos, o sea, muy preocupantes sobre la situación del sedentarismo en estos momentos y con la cuestión de la COVID y que creo que deberían ser de la incumbencia del Gobierno municipal, y en definitiva, pues proponemos que se incorpore y que se ponga en marcha lo antes posible el programa "Coruña en forma", que es un programa además muy adecuado para las circunstancias actuales, se pueden mantener todas las distancias de seguridad, etcétera, y también pues incorporar las actividades deportivas y de ocio para la juventud, porque los datos también son muy alarmantes. Y nada más.

Moitas grazas.

Muchas gracias.

Presidencia

Presidencia

Pois moitas grazas. Se lle pide desculpas pola interrupción.

Pues muchas gracias. Se le pide disculpas por la interrupción.

Continuamos. Turno do Partido Popular, señor García.

Continuamos. Turno del Partido Popular, señor García.

Ás trece horas e trece minutos entra no Salón de Sesións a señora Neira Fernández.

Señor García Fernández

Grazas, señora alcaldesa. Bos días a todos e grazas á señora Faraldo tamén por achegar a nosa emenda.

Antes de nada quería, señora alcaldesa, felicitar, felicitar ás federacións galegas, aos clubs, a Secretaría Xeral para ou Deporte, o grupo de investigación de movemento humano da actividade física do deporte de INEF Galicia e o Sergas, a través do seu organismo INIBIC, o Instituto de Investigación Biomédica, o cal, entre unha das súas conclusións, había unha evidencia científica: que a actividade física mellora a saúde dos nenos e dos mozos, e que a incidencia do COVID é menor na actividade física da práctica do deporte federado.

Esta boa noticia incumpre un pouco o que pasamos a semana pasada aquí, a señora alcaldesa, a concelleira de Deportes e o grupo de goberno, por non poñerse á altura do que significa isto último que dixemos: a actividade física e o deporte para os veciños coruñeses, non querer aumentar os convenios deportivos ás nosas entidades deportivas, e o que é peor, de retirar a clubs esas cantidades de diñeiro. Isto tamén é unha evidencia. Non é científica, pero é unha evidencia. E xa me contarán, xa me contarán como comprometen esas reducións de diñeiro ós clubs para darllas a través das axudas de concorrencia competitiva, ou se non, máis ben ao secretario deste Concello e ao interventor.

Ás trece horas e quince minutos entra no Salón de Sesións a señora Cameán

A las trece horas y trece minutos entra en el Salón de Sesiones la señora Neira Fernández.

Señor García Fernández

Gracias, señora alcaldesa. Buenos días a todos y gracias a la señora Faraldo también por aportar nuestra enmienda.

Antes de nada quería, señora alcaldesa, felicitar, felicitar a las federaciones gallegas, a los clubes, a la Secretaría Xeral para o Deporte, al grupo de investigación de movimiento humano de la actividad física del deporte de INEF Galicia y al Sergas, a través de su organismo INIBIC, el Instituto de Investigación Biomédica, el cual, entre una de sus conclusiones, había una evidencia científica: que la actividad física mejora la salud de los niños y de los jóvenes, y que la incidencia del COVID es menor en la actividad física de la práctica del deporte federado.

Esta buena noticia contraviene un poco lo que hemos pasado la semana pasada aquí, la señora alcaldesa, la concejala de Deportes y el grupo de gobierno, por no ponerse a la altura de lo que significa esto último que hemos dicho: la actividad física y el deporte para los vecinos coruñeses, no querer aumentar los convenios deportivos a nuestras entidades deportivas, y lo que es peor, de haber retirado a clubes esas cantidades de dinero. Esto también es una evidencia. No es científica, pero es una evidencia. Y ya me contarán, ya me contarán cómo comprometen esas reducciones de dinero a los clubes para dárselas a través de las ayudas de concurrencia competitiva, o si no, más bien al secretario de este Ayuntamiento y al interventor.

A las trece horas y quince minutos entra en el Salón de Sesiones la señora

Calvete.

Indo á moción, o municipio como Administración máis próxima ó cidadán, debería de ser o coñecedor máis directo da realidade social da localidade que rexenta, polo que ocupa a posición máis idónea para fomentar a vida deportiva dos nosos veciños e asegurar o acceso ós cidadáns á práctica do deporte. Lei de Bases do Réxime Local, señora Martínez, mírella e preocúpese un pouco máis de que a teña máis en conta a súa alcaldesa e o seu Goberno. Artigos 25, 26 e 72: satisfacer as necesidades dos veciños, xerar actividades e instalacións públicas deportivas, servizo de uso de instalacións públicas, xerar desenvolvemento do asociacionismo a través das súas actividades.

En base a isto, por que hai que facer políticas deportivas? Porque o deporte é un fenómeno de indubidable repercusión social, porque baixo o concepto de deporte enmárcanse multitude de prácticas e teñen en común o corpo humano a través do movemento, do xogo e do agonismo.

Que políticas deben de facer? O Concello debe entendelo como un servizo público. Xa vemos que vostedes non o entenden así. Todo goberno que se prece debe de apostar polo deporte como saúde. Para iso debe, primeiro paso, analizar a realidade, diagnosticar a situación de partida e unha vez analizado e detectados os problemas —vostedes están aínda nesa fase despois de dous anos— facer o segundo paso, que sería tomar decisións en base a esa información e nun criterio político. Cal é o criterio político do Concello da Coruña? Ningún. Cales son as súas tomas de decisións? Improvisacións. Cal o resultado? Como se dicía antes,

Cameán Calvete.

Yendo a la moción, el municipio como Administración más cercana al ciudadano, debería de ser el conocedor más directo de la realidad social de la localidad que regenta, por lo que ocupa la posición más idónea para fomentar la vida deportiva de nuestros vecinos y asegurar el acceso a los ciudadanos a la práctica del deporte. Ley de Bases del Régimen Local, señora Martínez, míresela y se preocupe un poco más de que la tenga más en cuenta su alcaldesa y su Gobierno. Artículos 25, 26 y 72: satisfacer las necesidades de los vecinos, generar actividades e instalaciones públicas deportivas, servicio de uso de instalaciones públicas, generar desarrollo del asociacionismo a través de sus actividades.

En base a esto ¿por qué hay que hacer políticas deportivas? Porque el deporte es un fenómeno de indudable repercusión social, porque bajo el concepto de deporte se enmarcan multitud de prácticas y tienen en común el cuerpo humano a través del movimiento, del juego y del agonismo.

¿Qué políticas deben de hacer? El Ayuntamiento debe entenderlo como un servicio público. Ya vemos que ustedes no lo entienden así. Todo gobierno que se precie debe de apostar por el deporte como salud. Para eso debe, primer paso, analizar la realidad, diagnosticar la situación de partida y una vez analizado y detectados los problemas —ustedes están aún en esa fase después de dos años— hacer el segundo paso, que sería tomar decisiones en base a esa información y en un criterio político ¿Cuál es el criterio político del Ayuntamiento de La Coruña? Ninguno ¿Cuáles son sus tomas de decisiones? Improvisaciones ¿Cuál el resultado? Como se decía antes, vamos a *jugar al rebumbio*.

imos xogar ó rebumbio. *Pois é o que pasa, parques de calistenia rotos* ***(o señor García Fernández mostra unha fotografía)****, obsoletos, chans asolagados, parques de calistenia que conviven con xogos infantís, mala localización dos mesmos, "skate parks" deteriorados, inexistencias de zonas de saúde e de exercicio.*

Pues es lo que pasa, parques de calistenia rotos **(el señor García Fernández muestra una fotografía)**, obsoletos, suelos anegados, parques de calistenia que conviven con juegos infantiles, mala ubicación de los mismos, *skate parks* deteriorados, inexistencias de zonas de salud y de ejercicio.

Ás trece horas e dezaseis minutos entra no Salón de Sesións o señor Jorquera Caselas.

A las trece horas y dieciséis minutos entra en el Salón de Sesiones el señor Jorquera Caselas.

Que propoñemos nós? Unha pregunta. Resposta do Goberno municipal: 14 de xaneiro de 2021. Cal é o deporte urbano do Goberno? Estamos a traballar ***(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)*** *as Concellerías de Deportes e Infraestruturas. Dous anos para ter isto Pero vostedes crense que son parvos os coruñeses?*

¿Qué proponemos nosotros? Una pregunta. Respuesta del Gobierno municipal: 14 de enero de 2021 ¿Cuál es el deporte urbano del Gobierno? Estamos trabajando **(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)** las Concejalías de Deportes e Infraestructuras. Dos años para tener esto ¿Pero ustedes se creen que son parvos los coruñeses?

Señor Villoslada, onte facíame graza vostede cando falaba, parecía o superheroe, o spiderman, había que quitarse a careta. A careta vanlla a ter que poñer no ano 2023. Cando a señora alcaldesa promete, mire, no seu programa electoral, que teñen unha pista de atletismo, ***(óense dous sinais acústicos indicativas da finalización do tempo de intervención)*** *que teñen os campos de fútbol de Feáns, que aínda non están reformados os campos da Torre. Esa é a careta que se teñen que tapar vostedes.*

Señor Villoslada, ayer me hacía gracia usted cuando hablaba, parecía el superhéroe, el spiderman, había que quitarse la careta. La careta se la van a tener que poner en el año 2023. Cuando la señora alcaldesa promete, mire, en su programa electoral, que tienen una pista de atletismo, **(se oyen dos señales acústicas indicativas de la finalización del tiempo de intervención)** que tienen los campos de fútbol de Feáns, que todavía aún no están reformados los campos de la Torre. Esa es la careta que se tienen que tapar ustedes.

Por último, señora alcaldesa, facer a política do século XXI, como dicía o señor Borrego, a política que cre na actividade deportiva, no deporte e por tanto na saúde dos coruñeses. Creo que están totalmente no lado oposto.

Por último, señora alcaldesa, hacer la política del siglo XXI, como decía el señor Borrego, la política que cree en la actividad deportiva, en el deporte y por lo tanto en la salud de los coruñeses. Creo que están totalmente en el lado opuesto.

Moitas grazas.

Muchas gracias.

Presidencia

Moitas grazas.

Polo Goberno, señora Martínez.

Señora Martínez Lema

Moitas grazas, señora alcaldesa. Moi bos días a todos.

Señora Faraldo, moitas grazas por ter presentado esta moción e tamén por aceptar as emendas dos Grupos, que sen dúbida complementan estas aportacións súas.

Saben vostedes que este goberno ten demostrado, neste tempo tan complicado ademais, que unha das súas prioridades é o benestar dos cidadáns, e en base a iso dicirlle, señora Delso, que por favor se volva ler as Bases, porque vexo que non as entendeu. Non só é que sigan habendo subvencións ós deportes de natureza, é que se aumentaron os cartos ademais para ese tipo. Por favor léase. Hoxe saen publicadas no BOP e xa están publicadas ademais tamén nas redes do Concello.

Fundamentais nas aportacións, na proposta da señora Faraldo, son as Concellerías de Medio Ambiente e de Urbanismo dende, sen dúbida, é máis que evidente o traballo que levan a cabo. E a maior campaña publicitaria que se pode facer ó deporte ó aire libre nesta cidade, desde logo é o escenario perfecto que temos na Coruña: un pabellón natural en terra que se enche cada día e un pabellón azul infinito, cheo de posibilidades. Claro exemplo —como ben sinalaba nesa moción— e ese carril running que tantos efectos positivos nos está deixando, ou as zonas

Presidencia

Muchas gracias.

Por el Gobierno, señora Martínez.

Señora Martínez Lema

Muchas gracias, señora alcaldesa. Muy buenos días a todos.

Señora Faraldo, muchas gracias por haber presentado esta moción y también por aceptar las enmiendas de los Grupos, que sin duda complementan estas aportaciones suyas.

Saben ustedes que este gobierno ha demostrado, en este tiempo tan complicado además, que una de sus prioridades es el bienestar de los ciudadanos, y en base a eso decirle, señora Delso, que por favor se vuelva a leer las Bases, porque veo que no las entendió. No solo es que sigan habiendo subvenciones a los deportes de naturaleza, es que se aumentaron el dinero además para ese tipo. Por favor léase. Hoy salen publicadas en el BOP y ya están publicadas además también en las redes del Ayuntamiento.

Fundamentales en las aportaciones, en la propuesta de la señora Faraldo, son las Concejalías de Medio Ambiente y de Urbanismo desde, sin duda, es más que evidente el trabajo que llevan a cabo. Y la mayor campaña publicitaria que se puede hacer al deporte al aire libre en esta ciudad, desde luego es el escenario perfecto que tenemos en A Coruña: un pabellón natural en tierra que se llena cada día y un pabellón azul infinito, lleno de posibilidades. Claro ejemplo —como bien señalaba en esa moción— y ese carril running que tantos efectos positivos nos está dejando, o las zonas de deportes, de

de deportes, de deporte urbano, que se están facendo, plantexando por diferentes barrios da cidade e que progresivamente irán aumentando a máis zonas.

deporte urbano, que se están haciendo, planteando por diferentes barrios de la ciudad y que progresivamente irán aumentando a más zonas.

Pero este tipo de actuacións non se fan dun día para outro. É moi sinxelo montar parques de calistenia como os que se montaron nos dous pasados mandatos, pero que resulta que están sin normativa, non cumplen a normativa eses parques de calistenia. Nós imos atender as demandas dos cidadáns pero sempre dun xeito seguro.

Pero este tipo de actuaciones no se hacen de un día para otro. Es muy sencillo montar parques de calistenia como los que se montaron en los dos pasados mandatos, pero que resulta que están sin normativa, no cumplen la normativa esos parques de calistenia. Nosotros vamos a atender las demandas de los ciudadanos pero siempre de una manera segura.

Esquece no seu plantexamento, señora Faraldo, un espazo marabilloso desta cidade, como é o Parque de Bens, onde a cidadanía temos un espazo rexenerado e privilexiado que debemos de aproveitar. E aproveitaremos, claro que si, outros espazos urbáns para o "Coruña en forma", que como xa lle teño dito tamén nas distintas Comisións de Deportes, estará en marcha tan pronto se poida, neste verán, sempre tendo en conta como vaia a pandemia e sempre tendo en conta a situación sociosanitaria de cada momento, pero por suposto que aproveitaremos o "Coruña en forma" e aproveitaremos tamén "O noso mar", que tantas posibilidades, como digo, ten.

Olvida en su planteamiento, señora Faraldo, un espacio maravilloso de esta ciudad, como es el Parque de Bens, donde la ciudadanía tenemos un espacio regenerado y privilegiado que debemos de aprovechar. Y aprovecharemos, claro que sí, otros espacios urbanos para el "Coruña en forma", que como ya le he dicho también en las distintas Comisiones de Deportes, estará en marcha tan pronto se pueda, en este verano, siempre teniendo en cuenta cómo vaya la pandemia y siempre teniendo en cuenta la situación sociosanitaria de cada momento, pero por supuesto que aprovecharemos el "Coruña en forma" y aprovecharemos también "Nuestro mar", que tantas posibilidades, como digo, tiene.

En calquera caso, a defensa férrea do deporte ó aire libre non debe de restar un ápice á defensa do deporte nas instalacións deportivas e nos ximnasios. As restricións desta pandemia quizais foron demasiado duras con este sector que, como ben dixo o señor García, segundo ese informe demostrou que teñen un nivel de contaxio case nulo. Así que por suposto, defensa absoluta.

En cualquier caso, la defensa férrea del deporte al aire libre no debe de restar un ápice a la defensa del deporte en las instalaciones deportivas y en los gimnasios. Las restricciones de esta pandemia quizás fueron demasiado duras con este sector que, como bien dijo el señor García, según ese informe demostró que tienen un nivel de contagio casi nulo. Así que por supuesto, defensa absoluta.

E ó respecto de instalacións, como mencionaba o señor García na súa

Y respecto de instalaciones, como mencionaba el señor García en su

intervención e como tamén ten un rogo oral despois ó que non lle vou poder respostar, pois aproveito ahora para dicirlle, señor García, que nós estamos dispostos a facer máis do que nos corresponde, xa llo dixen nunha ocasión. Facemos máis: nós poñemos os terreos, poñemos os proxectos, poñemos as instalacións, e vostede volve aquí a exixir cousas que son competencia exclusiva da Xunta de Galicia. E lle repito de novo tamén: o investimento en materia deportiva da Xunta de Galicia, un irrisorio 8,64 % na Provincia da Coruña, cando só A Coruña ten un 10 % da poboación. Está claro, mire, os seus compañeiros veñen aquí a presumir dos investimentos da Xunta nesta cidade. Estou desexando que vostede tamén o faga.

intervención y como también tiene un ruego oral después al que no le voy a poder responder, pues aprovecho ahora para decirle, señor García, que nosotros estamos dispuestos a hacer más de lo que nos corresponde, ya se lo dije en una ocasión. Hacemos más: nosotros ponemos los terrenos, ponemos los proyectos, ponemos las instalaciones, y usted vuelve aquí a exigir cosas que son competencia exclusiva de la Xunta de Galicia. Y le repito de nuevo también: la inversión en materia deportiva de la Xunta de Galicia, un irrisorio 8,64 % en la Provincia de A Coruña, cuando solo A Coruña tiene un 10 % de la población. Claro está, mire, sus compañeros vienen aquí a presumir de las inversiones de la Xunta en esta ciudad. Estoy deseando que usted también lo haga.

Dicía o señor Deus hai un anaco que as Administracións é bo que colaboren de maneira eficiente desde a lealtade institucional. Poñámonos a traballar xuntos, señor García. A Xunta inviste en Ourense para unha pista cuberta, outra en Monterrei, un módulo en Vigo, en Ribeira... e Coruña? Coruña? Por que ese desprezo do deporte da Xunta, da Xunta, da competencia exclusiva dos investimentos, ese 8,64 % para toda a provincia? Poñámonos a traballar **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)**. Para o Goberno o deporte é prioritario porque o deporte é saúde, e nestes momentos máis que nunca a saúde é o máis importante para todos.

*Decía el señor Deus hace un rato que las Administraciones es bueno que colaboren de manera eficiente desde la lealtad institucional. Pongámonos a trabajar juntos, señor García. La Xunta invierte en Ourense para una pista cubierta, otra en Monterrei, un módulo en Vigo, en Ribeira... ¿y Coruña? ¿Coruña? ¿Por qué ese desprecio del deporte de la Xunta, de la Xunta, de la competencia exclusiva de las inversiones, ese 8,64 % para toda la provincia? Pongámonos a trabajar **(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)**. Para el Gobierno el deporte es prioritario porque el deporte es salud, y en estos momentos más que nunca la salud es lo más importante para todos.*

Moitas grazas.

Muchas gracias.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas, señora Martínez.

Muchas gracias, señora Martínez.

Procedemos á votación desta moción xa

Procedemos a la votación de esta moción

coas emendas incorporadas.

Votación da primeira moción presentada pola concelleira non adscrita D.ª Isabel Faraldo Calvo

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación a primeira moción presentada pola concelleira non adscrita D.ª Isabel Faraldo Calvo transaccionada cos Grupos Municipais do Partido Popular e da Marea Atlántica para fomentar o deporte ó ar libre, producíndose o seguinte resultado:

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos)

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Popular (PP) (9 votos)

Vota a favor o Grupo Municipal da Marea Atlántica (MA) (5 votos)

Vota a favor o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (2 votos)

Vota a favor a concelleira non adscrita D.ª Mónica Martínez Lema (1 voto)

Vota a favor a concelleira non adscrita D.ª Isabel Faraldo Calvo (1 voto)

Presidencia

Moitas grazas. Queda aprobada por unanimidade.

49.- Moción presentada pola concelleira non adscrita D.ª Isabel Faraldo Calvo, transaccionada cos Grupos Municipais do Partido Popular e da Marea Atlántica, para fomentar o deporte ao aire libre.

Acordo

ya con las enmiendas incorporadas.

Votación de la primera moción presentada por la concejala no adscrita D.ª Isabel Faraldo Calvo

Seguidamente por la Presidencia se somete a votación la primera moción presentada por la concejala no adscrita D.ª Isabel Faraldo Calvo transaccionada con los Grupos Municipales del Partido Popular y de la Marea Atlántica para fomentar el deporte al aire libre, produciéndose el siguiente resultado:

Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos)

Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Popular (PP) (9 votos)

Vota a favor el Grupo Municipal de la Marea Atlántica (MA) (5 votos)

Vota a favor el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego (2 votos)

Vota a favor la concejala no adscrita D.ª Mónica Martínez Lema (1 voto)

Vota a favor la concejala no adscrita D.ª Isabel Faraldo Calvo (1 voto)

Presidencia

Muchas gracias. Queda aprobada por unanimidad.

49.- Moción presentada por la concejala no adscrita D.ª Isabel Faraldo Calvo, transaccionada con los Grupos Municipales del Partido Popular y de la Marea Atlántica, para fomentar el deporte al aire libre.

Acuerdo

Instar o Goberno local a:

1. Campaña publicitaria para fomentar o deporte ao aire libre.

2. Instalacións de calistenia e bancos de tipo step. Suxerimos previo estudo de viabilidade nos seguintes puntos:

a. No parque entre o Centro socio-cultural Ágora e o Centro cívico municipal do Grupo de Pescadores (figura 1).

b. Parque de Novo Mesoiro (figura 2).

c. Parque de San Diego (figura 3).

d. Parque Eirís (figura 4).

e. Matogrande (figura 5).

f. Campus Elviña (figura 6).

g. Zona Ventorrillo na praza da rúa Jaime Hervada (figura 7).

h. Praza Blanca Quiroga, Durmideiras (figura 8).

3. Incluír cartel informativo de seguridade e propostas básicas sobre os exercicios para realizar en cada un dos elementos, representados con pictogramas. Os devanditos carteis distribuídos polas diferentes zonas da instalación a modo explicativo.

4. Mellorar as instalacións existentes na praia de Oza e no parque de Bens con respecto ao pavimento utilizado. Segundo a normativa UNE-EN 16630, o solo destas instalacións é aconsellable que sexa herba, area ou caucho. Pero tendo en conta as condicións climatolóxicas da nosa cidade e as condicións nas que se atopan algunhas das áreas nas que se utilizou herba ou

Instar al Gobierno local a:

1. Campaña publicitaria para fomentar el deporte al aire libre.

2. Instalaciones de calistenia y bancos de tipo step. Sugerimos previo estudio de viabilidad en los siguientes puntos:

a. En el parque entre el Centro socio-cultural Ágora y el Centro cívico municipal del Grupo de Pescadores (figura 1).

b. Parque de Nuevo Mesoiro (figura 2).

c. Parque de San Diego (figura 3).

d. Parque Eirís (figura 4).

e. Matogrande (figura 5).

f. Campus Elviña (figura 6).

g. Zona Ventorrillo en la plaza de la calle Jaime Hervada (figura 7).

h. Plaza Blanca Quiroga, Durmideiras (figura 8).

3. Incluir cartel informativo de seguridad y propuestas básicas sobre los ejercicios para realizar en cada uno de los elementos, representados con pictogramas. Dichos carteles distribuidos por las diferentes zonas de la instalación a modo explicativo.

4. Mejorar las instalaciones existentes en la playa de Oza y en el parque de Bens con respecto al pavimento utilizado. Según la normativa UNE-EN 16630, el suelo de estas instalaciones es aconsejable que sea hierba, arena o caucho. Pero teniendo en cuenta las condiciones climatológicas de nuestra ciudad y las condiciones en las que se encuentran algunas de las áreas en las que se utilizó hierba o arena

area (encharcados, embarrados, calvas na herba...) suxerimos que a mellor opción é a de caucho, que ademais demanda menor mantemento (figura 9).

(encharcados, embarrados, calvas en la hierba...) sugerimos que la mejor opción es la de caucho, que además demanda menor mantenimiento (figura 9).

5. Redactar un plan integral de deporte urbano, con dotación de novos espazos deportivos para albergar estas tendencias deportivas urbanas e reformulación de todos os espazos deportivos actuais para executar accións de mellora e adecuación ás distintas modalidades de deporte urbano.

5. Redactar un plan integral de deporte urbano, con dotación de nuevos espacios deportivos para albergar estas tendencias deportivas urbanas y reformulación de todos los espacios deportivos actuales para ejecutar acciones de mejora y adecuación a las distintas modalidades de deporte urbano.

6. Instar o Goberno local a recuperar e ampliar o programa municipal de actividades deportivas ao aire libre "Coruña en forma" para o seu desenvolvemento na primavera-verán de 2021.

6. Instar al Gobierno local a recuperar y ampliar el programa municipal de actividades deportivas al aire libre "Coruña en forma" para su desarrollo en primavera-verano de 2021.

7. Instar o Goberno local a ampliar a oferta de actividades deportivas e de lecer ao aire libre para a mocidade a través do programa municipal Nocturnia durante a primavera-verán 2021.

7. Instar al Gobierno local a ampliar la oferta de actividades deportivas y de ocio al aire libre para la juventud a través del programa municipal Nocturnia durante la primavera-verano 2021.

Segunda. Moción presentada pola concelleira non adscrita D.ª Isabel Faraldo Calvo polo 8M.

Segunda. Moción presentada por la concejala no adscrita D.ª Isabel Faraldo Calvo por el 8M.

Sobre esta moción o Grupo Municipal do Partido Popular presenta unha emenda de adición.

Sobre esta moción el Grupo Municipal del Partido Popular presenta una enmienda de adición.

Terceira. Moción presentada polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego sobre o 8M.

Tercera. Moción presentada por el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego sobre lo 8M.

Sobre esta moción o Grupo Municipal do Partido Popular presenta unha emenda de adición.

Sobre esta moción el Grupo Municipal del Partido Popular presenta una enmienda de adición.

Primeira. Moción presentada polo Grupo Municipal da Marea Atlántica con motivo da celebración do día oito de marzo, día Internacional da

Primera. Moción presentada por el Grupo Municipal de la Marea Atlántica con motivo de la celebración del día ocho de marzo, día Internacional de la Mujer.

Muller.

Sobre esta moción o Grupo Municipal do Partido Popular presenta unha emenda de adición.

Sobre esta moción el Grupo Municipal del Partido Popular presenta una enmienda de adición.

Presidencia

Presidencia

Pasamos á seguinte moción presentada pola señora Faraldo Calvo relativa ó 8 de marzo e tal e como se acordou, as tres mocións presentadas relativas ó oito de marzo serán debatidas conxuntamente, a da señora Faraldo, a do BNG e a da Marea Atlántica, cun tempo de catro minutos.

Pasamos a la siguiente moción presentada por la señora Faraldo Calvo relativa a 8 de marzo y tal y como se acordó, las tres mociones presentadas relativas a ocho de marzo serán debatidas conjuntamente, la de la señora Faraldo, la del BNG y la de la Marea Atlántica, con un tiempo de cuatro minutos.

Constan emendas do Partido Popular a cada unha destas mocións.

Constan enmiendas del Partido Popular a cada una de estas mociones.

Comeza o debate a señora Faraldo.

Comienza el debate a señora Faraldo.

Ás trece horas e vinte e tres minutos saen do Salón de Sesións a señora Gallego Neira e o señor Coira Andrade.

A las trece horas y veintitrés minutos sale del Salón de Sesiones la señora Gallego Neira y el señor Coira Andrade.

Señora Faraldo Calvo

Señora Faraldo Calvo

Grazas, señora alcaldesa.

Gracias, señora alcaldesa.

Bueno, presentabamos unha moción en torno ó 8 de marzo. Cada 8 de marzo lémbranos os esforzos que temos que facer no eido da igualdade. É unha data que a modo de evaluación anual examina os logros alcanzados, pero sobre todo cun acento nas carencias, os dereitos afogados todavía e no camiño que queda por percorrer, que é moito e longo.

Bueno, presentábamos una moción en torno a 8 de marzo. Cada 8 de marzo nos recuerda los esfuerzos que tenemos que hacer en el ámbito de la igualdad. Es una fecha que a modo de evaluación anual examina los logros alcanzados, pero sobre todo con un acento en las carencias, los derechos ahogados todavía y en el camino que queda por recorrer, que es mucho y largo.

Así vemos que a día de hoxe, pois por exemplo a fenda salarial de xénero é de máis dun 21 %, onde as mulleres gañan de media uns 800 € mensuais por cada 1.000 € mensuais que gaña un home. Na actualidade o dobre de mulleres —

Así vemos que a día de hoy, pues por ejemplo la brecha salarial de género es de más de un 21 %, donde las mujeres ganan de media unos 800 € mensuales por cada 1.000 € mensuales que gana un hombre. En la actualidad el doble de mujeres —un

un 85 %— que de homes, cociñan e destinan a tarefas do fogar polo menos unha hora cada día, en torno ó 40 % das mulleres coidan e educan os seus familiares polo menos unha hora por día, mentres que só o 28 % dos homes dedica esa mesma cantidade de tempo, sendo, por outra banda, menor a proporción de mulleres —un 39 %— que participan en actividades deportivas, culturais ou de lecer fóra do fogar, fronte a esa proporción do 46 % de homes. Máis dun 80 % de persoas que solicitan excedencias para coidar a familiares son mulleres.

85 %— que de hombres, cocinan y destinan a tareas del hogar por lo menos una hora cada día, en torno al 40 % de las mujeres cuidan y educan a sus familiares por lo menos una hora por día, mientras que solo el 28 % de los hombres dedica esa misma cantidad de tiempo, siendo, por otra parte, menor la proporción de mujeres —un 39 %— que participan en actividades deportivas, culturales o de ocio fuera del hogar, frente a esa proporción del 46 % de hombres. Más de un 80 % de personas que solicitan excedencias para cuidar la familiares son mujeres.

A pandemia tensionou aínda máis o sistema de coidados que posibilita o funcionamento da estrutura social tal e como a coñecemos ata agora. Os coidados sosteñen a vida e son as mulleres, basicamente, as que coidan. Advertimos que os dereitos e as libertades conquistadas en prol da igualdade de xénero atópanse nun risco aínda maior, ameazados pola lóxica do mercado.

La pandemia tensionó aún más el sistema de cuidados que posibilita el funcionamiento de la estructura social tal y como la conocemos hasta ahora. Los cuidados sostienen la vida y son las mujeres, básicamente, las que cuidan. Advertimos que los derechos y las libertades conquistadas en pro de la igualdad de género se encuentran en un riesgo aún mayor, amenazados por la lógica del mercado.

Nun momento como o actual no que a COVID atravesou a vida das persoas, é máis importante que nunca que as Administracións Públicas asumamos as nosas obrigas de garantir o dereito das mulleres. O Concello da Coruña fixo tempo atrás grandes apostas feministas, non? Aparecen aí os CIM sen que desde a Xunta de Galiza nestes anos se fixeran melloras reseñables no sistema dos CIM, sobrecargando o servizo ás súas traballadoras. O mesmo acontece coa Casa de Acollemento, foi tamén no anterior mandato que se puxeron en marcha a Escola de Empoderamento Feminista, nas que se consolidaron programas educativos, case ademais en concurrencia pública e por lotes.

En un momento como el actual en el que la COVID atravesó la vida de las personas, es más importante que nunca que las Administraciones Públicas asumamos nuestras obligaciones de garantizar el derecho de las mujeres. El Ayuntamiento de A Coruña hizo tiempo atrás grandes apuestas feministas, ¿no? Aparecen ahí los CIM sin que desde la Xunta de Galicia en estos años se hayan hecho mejoras reseñables en el sistema de los CIM, sobrecargando el servicio a sus trabajadoras. Lo mismo sucede con la Casa de Acogida, fue también en el anterior mandato que se pusieron en marcha la Escuela de Empoderamiento Feminista, en las que se consolidaron programas educativos, casi además en concurrencia pública y por lotes.

Bueno, chegadas ata aquí, non debemos permitir que se dean pasos atrás nesta materia de igualdade e diversidade, e polo tanto, instamos o Concello da Coruña, instamos a Xunta de Galicia e instamos o Goberno do Estado, como non, a unha serie de melloras, entre outras, instamos o Concello a apoiar as mobilizacións que o 8 de marzo se plantexan desde o movemento feminista nesta cidade, e seguindo todas as medidas de seguridade marcadas polo Ministerio e a Consellería de Sanidade, e non seguíndolle a axenda que marca a dereita do Estado, a dereita do país e a dereita de cada municipio.

Bueno, llegadas hasta aquí, no debemos permitir que se den pasos atrás en esta materia de igualdad y diversidad, y por lo tanto, instamos al Ayuntamiento de A Coruña, instamos la Xunta de Galicia e instamos al Gobierno del Estado, cómo no, a una serie de mejoras, entre otras, instamos al Ayuntamiento a apoyar las movilizaciones que el 8 de marzo se plantean desde el movimiento feminista en esta ciudad, y siguiendo todas las medidas de seguridad marcadas por el Ministerio y la Consellería de Sanidad, y no siguiéndole la agenda que marca la derecha del Estado, la derecha del país y la derecha de cada municipio.

Graciñas, señora alcaldesa.

Graciñas, señora alcaldesa.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas, señora Faraldo.

Muchas gracias, señora Faraldo.

Turno do Bloque Nacionalista Galego, señora Veira.

Turno del Bloque Nacionalista Galego, señora Veira.

Señora Veira González

Señora Veira González

Moitas grazas, señora alcaldesa.

Muchas gracias, señora alcaldesa.

Ben, eu alégrome de que teñamos unha quenda de debate das mocións sobre o 8 de marzo porque creo que as declaracións institucionais non poden agochar o debate sobre a igualdade e o debate sobre as distintas visións que temos as distintas organizacións políticas sobre o que ten que ser a igualdade.

Bien, yo me alegro de que tengamos un turno de debate de las mociones sobre el 8 de marzo porque creo que las declaraciones institucionales no pueden esconder el debate sobre la igualdad y el debate sobre las distintas visiones que tenemos las distintas organizaciones políticas sobre lo que tiene que ser la igualdad.

En primeiro lugar quixera sinalar que aceptamos a emenda do Partido Popular, que se ben non ten exactamente a ver coas motivacións máis concretas das mobilizacións do 8 de marzo, si que nos parecen achegas interesantes e, polo tanto, ímolas aceptar, e tamén para facilitar que saian

En primer lugar quisiera señalar que aceptamos la enmienda del Partido Popular, que si bien no tiene exactamente que ver con las motivaciones más concretas de las movilizaciones de 8 de marzo, sí que nos parecen aportaciones interesantes y, por lo tanto, las vamos a aceptar, y también para facilitar que

as mocións adiante.

Nós desde o BNG consideramos que as mulleres temos que facer ouvir, este ano máis ca nunca, a nosa voz. Levamos un ano de pandemia no que as mulleres fomos fundamentalmente, e fundamentais, para o sostemento da vida, da vida e dos coidados. E, como sostivemos a vida e os coidados neste ano de pandemia? Pois como o faciamos antes: en base a nosa precariedade. Porque temos que lembrar que somos maioría no sector da limpeza, que somos maioría na atención o público no sector de alimentación, que somos unha rotunda maioría no servizo de axuda no fogar e nas residencias de maiores, que somos absolutamente maioría no profesorado e nos profesionais sanitarios, que non son precisamente estes sectores nos que os salarios sexan nin os máis elevados nin os que teñen as condicións máis estábeis.

Ademais dun aparente recoñecemento social durante este ano de pandemia, as mulleres non vimos nin unha soa mellora no ámbito laboral, nin un só avance nas nosas condicións de vida, pero seguimos coas políticas precarizadas por parte do Goberno central e da Xunta de Galiza, que afectan fundamentalmente as mulleres e ós servizos públicos, e o peor, o peor é que as últimas cifras do paro de Galiza revelan que o 77 % do emprego destruído era feminino. Polo tanto, si, cómpre máis que nunca elevar a nosa voz.

Ás trece horas e trinta minutos entra no Salón de Sesións a señora Gallego Neira.

O 8 de marzo xa do ano pasado tomaba as rúas baixo o lema “Sen coidados non

salgan las mociones adelante.

Nosotros desde el BNG consideramos que las mujeres tenemos que hacer oír, este año más que nunca, nuestra voz. Llevamos un año de pandemia en el que las mujeres fuimos fundamentalmente, y fundamentales, para el sostenimiento de la vida, de la vida y de los cuidados. Y, ¿cómo sostuvimos la vida y los cuidados en este año de pandemia? Pues como lo hacíamos antes: en base nuestra precariedad. Porque tenemos que recordar que somos mayoría en el sector de la limpieza, que somos mayoría en la atención el público en el sector de alimentación, que somos una rotunda mayoría en el servicio de ayuda en el hogar y en las residencias de mayores, que somos absolutamente mayoría en el profesorado y en los profesionales sanitarios, que no son precisamente estos sectores en los que los salarios sean ni los más elevados ni los que tienen las condiciones más estables.

Además de un aparente reconocimiento social durante este año de pandemia, las mujeres no vimos ni una sola mejora en el ámbito laboral, ni un solo avance en nuestras condiciones de vida, pero seguimos con las políticas precarizadas por parte del Gobierno central y de la Xunta de Galicia, que afectan fundamentalmente a las mujeres y a los servicios públicos, y lo peor, lo peor es que las últimas cifras del paro de Galicia revelan que el 77 % del empleo destruido era femenino. Por lo tanto, sí, hace falta más que nunca elevar nuestra voz.

A las trece horas y treinta minutos entra en el Salón de Sesiones la señora Gallego Neira.

El 8 de marzo ya del año pasado tomaba las calles bajo lo lema “Sin cuidados no

hai vida" e a pandemia confirmouno. Viñamos doutros anos de mobilizacións do 8 de marzo con convocatorias dunha manifestación galega, e este ano, aínda que cómpre erguer a voz e cómpre dar unha forte resposta á situación actual, desde o feminismo galego considerouse que non se debía de facer unha manifestación galega para evitar desprazamentos e mobilizacións masivas. Tamén se considerou máis axeitado que cada concello tivese a súa propia mobilización. Así é que na Coruña imos ter unha manifestación, en Oleiros unha concentración, e cada concello o que se decidise desde o movemento feminista en cada un deles, non? No caso do Concello da Coruña óptase polo percorrido que ten as rúas más amplas para garantir a seguridade. Farase unha marcha por columnas para garantir as distancias. Chegarase a María Pita, porque é a praza, tamén, máis ampla onde tamén se poden garantir as distancias.

hay vida" y la pandemia lo confirmó. Veníamos de otros años de movilizaciones de 8 de marzo con convocatorias de una manifestación gallega, y este año, aunque hace falta alzar la voz y hace falta dar una fuerte respuesta a la situación actual, desde el feminismo gallego se consideró que no se debía hacer una manifestación gallega para evitar desplazamientos y movilizaciones masivas. También se consideró más adecuado que cada ayuntamiento tuviera su propia movilización. Así es que en A Coruña vamos a tener una manifestación, en Oleiros una concentración, y cada ayuntamiento lo que se decidiera desde el movimiento feminista en cada uno de ellos, ¿no? En el caso del Ayuntamiento de A Coruña se opta por el recorrido que tiene las calles más amplias para garantizar la seguridad. Se hará una marcha por columnas para garantizar las distancias. Se llegará la María Pita, porque es la plaza, también, más amplia donde también se pueden garantizar las distancias.

Polo tanto, ó que se chama é a unha mobilización responsábel, con garantías de seguridade, pero tamén con toda firmeza para exercer o que é un dereito fundamental, e nós temos que tamén aquí que pronunciarnos, porque nos parece rexeitábel que desde a Delegación do Goberno de Madrid se prohiban as manifestacións do 8M en Madrid. Parécenos un auténtico retroceso e alégrome que Podemos na súa moción inclúa unha referencia a apoiar as mobilizacións do feminismo porque a súa ministra, a ministra de Podemos, de Igualdade, dixo que non ía asistir a ningunha manifestación, e a nós iso tamén nos parece cando menos reseñable. **(Óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención.)**

Por lo tanto, a lo que se llama es a una movilización responsable, con garantías de seguridad, pero también con toda firmeza para ejercer lo que es un derecho fundamental, y nosotros tenemos que también aquí que pronunciarnos, porque nos parece rechazable que desde la Delegación del Gobierno de Madrid se prohíban las manifestaciones del 8 M en Madrid. Nos parece un auténtico retroceso y me alegro que Podemos en su moción incluya una referencia a apoyar las movilizaciones del feminismo porque su ministra, la ministra de Podemos, de Igualdad, dijo que no iba a asistir a ninguna manifestación, y a nosotros eso también nos parece cuando menos reseñable. ***(Se oye una señal acústica indicativo de la finalización del tiempo de intervención.)***

Ás trece horas e trinta e dous minutos entra no Salón de Sesións o señor Coida Andrade.

En definitiva, pedimos que o Pleno recoñeza e apoie as convocatorias do feminismo galego, que o Estado tome cartas no asunto da precariedade, nomeadamente co aumento de recursos na Inspección Laboral, coa modificación da lexislación para que as empresas que vulneren os dereitos laborais non poidan concorrer ós procesos de licitación, e tamén pedimos que a Xunta de Galiza exixa a transferencia da Inspección Laboral, que cree un corpo específico que vixíe e que sancione a discriminación por xénero, tamén que a Xunta de Galiza asuma as súas competencias en dependencia, e tamén que fixe un prezo do SAF que, efectivamente, pois garanta que haxa unha menor precariedade, que haxa unhas condicións dignas por parte das traballadoras do SAF e que mellore, en definitiva, este servizo que é fundamental nos coidados dos nosos maiores e das nosas maiores.

Nada máis.

Presidencia

Moitas grazas, señora Veira.

Pola Marea Atlántica, señora Cameán.

Señora Cameán Calvete

Si, moitísimas grazas, señora alcaldesa.

Ben, nós pola nosa banda non imos condenar aquelas mulleres que decidan este 8 de marzo quedarse na súa casa. É evidente que a situación é complicada, é evidente que a situación é de pandemia, e o que si consideramos e queremos

A las trece horas y treinta y dos minutos entra en el Salón de Sesiones el señor Coira Andrade.

En definitiva, pedimos que el Pleno reconozca y apoye las convocatorias del feminismo gallego, que el Estado tome cartas en el asunto de la precariedad, especialmente con el aumento de recursos en la Inspección Laboral, con la modificación de la legislación para que las empresas que vulneren los derechos laborales no puedan concurrir a los procesos de licitación, y también pedimos que la Xunta de Galicia exija la transferencia de la Inspección Laboral, que cree un cuerpo específico que vigile y que sancione la discriminación por género, también que la Xunta de Galicia asuma sus competencias en dependencia, y también que fije un precio del SAF que, efectivamente, pues garantice que haya una menor precariedad, que haya unas condiciones dignas por parte de las trabajadoras del SAF y que mejore, en definitiva, este servicio que es fundamental en los cuidados de nuestros mayores y de nuestras mayores.

Nada más.

Presidencia

Muchas gracias, señora Veira.

Por la Marea Atlántica, señora Cameán.

Señora Cameán Calvete

Sí, muchísimas gracias, señora alcaldesa.

Bien, nosotros por nuestra parte no vamos a condenar a aquellas mujeres que decidan este 8 de marzo quedarse en su casa. Es evidente que la situación es complicada, es evidente que la situación es de pandemia, y lo que sí consideramos

reivindicar é, efectivamente, ese dereito a manifestarse, non? que hai moitas formas de facelo, e dende logo creemos que é un momento idóneo e que hai que buscar esas maneiras, porque dende logo o que si temos claro é que este 8 de marzo non imos ficar caladas. E non imos ficar caladas porque xa levamos arrastrando moitísimos anos, pois moitísimas cargas sobre o noso lombo, pero é que esta pandemia directamente o que fixo foi poñer patas arriba as nosas vidas.

y queremos reivindicar es, efectivamente, ese derecho a manifestarse, ¿no? que hay muchas formas de hacerlo, y desde luego creemos que es un momento idóneo y que hay que buscar esas maneras, porque desde luego lo que sí tenemos claro es que este 8 de marzo no vamos a quedarnos calladas. Y no vamos a quedarnos calladas porque ya llevamos arrastrando muchísimos años, pues muchísimas cargas sobre nuestra espalda, pero es que esta pandemia directamente lo que hizo fue poner patas arriba nuestras vidas.

Ben, dicíase aquí que, efectivamente, o ano pasado berrabamos moitas nas rúas ese lema de "Sen coidados non hai vida", non? Efectivamente, foi a pandemia tamén a que puxo de manifesto con moita claridade isto. Puidémolo ver co peche dos colexios, como cargou, pois efectivamente, nas mulleres aínda máis eses coidados da crianza que maioritariamente seguimos asumindo nós. Puidémolo ver tamén co peche dos centros de día, co medo que tivemos moitas dentro da familia polas persoas maiores, que estivesen ben atendidas e que non puidesen contaxiarse. E despois de todo este ano, dun ano que foi durísimo, dun ano que volveu caer unha vez máis sobre o lombo das mulleres, estamos cansas, cansas, pero tamén fartas. Estamos fartas de que non haxa medidas reais, que non haxa medidas de conciliación contundentes. Estamos fartas de que non haxa no Boletín Oficial do Estado medidas estrella de igualdade que entren directamente no que tamén berramos nas rúas, e é que queremos unha vida que mereza a pena ser vivida.

Bien, se decía aquí que, efectivamente, el año pasado gritábamos muchas en las calles ese lema de "Sin cuidados no hay vida", ¿no? Efectivamente, fue la pandemia también la que puso de manifiesto con mucha claridad esto. Lo pudimos ver con el cierre de los colegios, como cargó, pues efectivamente, en las mujeres aún más esos cuidados de la crianza que mayoritariamente seguimos asumiendo nosotros. Lo pudimos ver también con el cierre de los centros de día, con el miedo que tuvimos muchas dentro de la familia por las personas mayores, que estuvieran bien atendidas y que no pudieran contagiarse. Y después de todo este año, de un año que fue durísimo, de un año que volvió a caer una vez más sobre la espalda de las mujeres, estamos cansadas, cansadas, pero también hartas. Estamos hartas de que no haya medidas reales, que no haya medidas de conciliación contundentes. Estamos hartas de que no haya en el Boletín Oficial del Estado medidas estrella de igualdad que entren directamente en lo que también gritamos en las calles, y es que queremos una vida que merezca la pena ser vivida.

E eu hoxe aquí tamén quero lamentar unha cuestión, e é que a señora alcaldesa no seu discurso de investidura dixo algo que seguramente a moita xente ilusionou. Dixo que traballaría

Y yo hoy aquí también quiero lamentar una cuestión, y es que la señora alcaldesa en su discurso de investidura dijo algo que seguramente a mucha gente ilusionó. Dijo que trabajaría por una Coruña feminista.

por unha Coruña feminista. Nós, xa nos da mágoa, pero os retrocesos neste mandato, señora alcaldesa, son moitos.

Nosotros, ya nos da lástima, pero los retrocesos en este mandato, señora alcaldesa, son muchos.

Mire, estamos actualmente sen plan de igualdade; xa non temos escola de empoderamento feminista; temos unha Ordenanza de Igualdade impulsada pola Marea Atlántica que non se cumpre; temos un Consello Local de Igualdade que puxo en marcha a Marea Atlántica para ter ese permanente contacto co movemento feminista, para ter ese diálogo, non o convocaron nin unha soa vez. Pero é que é máis, este ano é histórico porque nin o Partido Popular: non temos programación educativa. Cancelaron a programación educativa sen alternativa.

Mire, estamos actualmente sin plan de igualdad; ya no tenemos escuela de empoderamiento feminista; tenemos una Ordenanza de Igualdad impulsada por la Marea Atlántica que no se cumple; tenemos un Consejo Local de Igualdad que puso en marcha la Marea Atlántica para tener ese permanente contacto con el movimiento feminista, para tener ese diálogo, no lo convocaron ni una sola vez. Pero es que es más, este año es histórico porque ni el Partido Popular: no tenemos programación educativa. Cancelaron la programación educativa sin alternativa.

Señora alcaldesa, eu de verdade creo que teñen moito que cambiar se efectivamente era certo eso que nos repetiron durante a campaña e no discurso de investidura de traballar por unha Coruña feminista, porque estamos dando moitos pasos atrás, e como dicía ,este 8M na Marea Atlántica, obviamente imos apoiar os actos que hai organizados.

Señora alcaldesa, yo de verdad creo que tienen mucho que cambiar si efectivamente era cierto eso que nos repitieron durante la campaña y en el discurso de investidura de trabajar por una Coruña feminista, porque estamos dando muchos pasos atrás, y como decía, este 8 M en la Marea Atlántica, obviamente vamos a apoyar los actos que hay organizados.

Queremos, ademais, agradecer a todas as mulleres que forman parte de "Galegas 8M" todo o traballo que levan facendo dende hai semanas, sempre con ese sentidiño que creo que amosamos, sempre con todas as medidas de seguridade e sempre, pois dando pasos adiante, que nos queda moito por camiñar.

Queremos, además, agradecer a todas las mujeres que forman parte de "Gallegas 8 M" todo el trabajo que llevan haciendo desde hace semanas, siempre con ese sentidiño que creo que mostramos, siempre con todas las medidas de seguridad y siempre, pues dando pasos adelante, que nos queda mucho por caminar.

Moitas grazas.

Muchas gracias.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas, señora Cameán.

Muchas gracias, señora Cameán.

Polo Grupo Popular, señora Gutiérrez.

Por el Grupo Popular, señora Gutiérrez.

Señora Gutiérrez Roselló

Grazas, señora alcaldesa.

Bos días a todos os presentes, a todas as persoas que nos seguen telematicamente e ós que nos seguen polas redes.

Un ano máis volvemos a mirada á situación dos diversos colectivos femininos e a todos os seus conflitos, cuxas solucións parecen estancadas no tempo e no espazo. Un ano máis falamos da desigualdade de xénero, do reto da conciliación da vida persoal, familiar e laboral, da corresponsabilidade no ámbito doméstico, dos obstáculos que para as mulleres constitúen a desigual repartición dos compromisos familiares e as tarefas do fogar. En resumo, dun modelo que nunha sociedade evolucionada segue sen executar solucións definitivas para eliminar a discriminación deste colectivo, que nestes tempos que corren demostrou unha vez máis que é o sostén da sociedade.

Quizá deberiamos preguntarnos con máis persistencia o por que da ineficacia de todos os nosos debates políticos e as nosas propostas administrativas. É incuestionable o recoñecemento de todas as Administracións respecto deste problema. Con todo, a transcendencia das solucións non parece alcanzar ningún nivel de satisfacción.

O impacto que xerou o COVID-19 ou a chamada crise de coidados veu a reforzar todas estas cuestións que foron analizadas por diferentes organismos e todos coinciden en sinalar unha tripla dimensión deste problema, que é

Señora Gutiérrez Roselló

Gracias, señora alcaldesa.

Buenos días a todos los presentes, a todas las personas que nos siguen telemáticamente y a los que nos siguen por las redes.

Un año más volvemos la mirada a la situación de los diversos colectivos femeninos y a todos sus conflictos, cuyas soluciones parecen estancadas en el tiempo y en el espacio. Un año más hablamos de la desigualdad de género, del reto de la conciliación de la vida personal, familiar y laboral, de la corresponsabilidad en el ámbito doméstico, de los obstáculos que para las mujeres constituyen la desigual repartición de los compromisos familiares y las tareas del hogar. En resumen, de un modelo que en una sociedad evolucionada sigue sin ejecutar soluciones definitivas para eliminar la discriminación de este colectivo, que en estos tiempos que corren ha demostrado una vez más que es el sostén de la sociedad.

Quizá deberíamos preguntarnos con más persistencia el porqué de la ineficacia de todos nuestros debates políticos y nuestras propuestas administrativas. Es incuestionable el reconocimiento de todas las Administraciones al respecto de este problema. No obstante, la transcendencia de las soluciones no parece alcanzar ningún nivel de satisfacción.

El impacto que generó el COVID-19 o la llamada crisis de cuidados ha venido a reforzar todas estas cuestiones que han sido analizadas por diferentes organismos y todos coinciden en señalar una triple dimensión de este problema, que es

sanitario, pero tamén é social e económico, e que ten unha repercusión diferente entre as mulleres e os homes.

sanitario, pero también es social y económico, y que tiene una repercusión diferente entre las mujeres y los hombres.

No aspecto sanitario as mulleres son traballadoras e profesionais do sector da saúde. Destaca o papel imprescindible que desempeñaron na loita contra o COVID, con representación maioritaria nos servizos de limpeza, nos servizos básicos, como as farmacias ou os supermercados, e ademais atenden ás familias, aos enfermos, ás persoas maiores e ás persoas dependentes.

En el aspecto sanitario las mujeres son trabajadoras y profesionales del sector de la salud. Destaca el papel imprescindible que han desempeñado en la lucha contra el COVID, con representación mayoritaria en los servicios de limpieza, en los servicios básicos, como las farmacias o los supermercados, y además atienden a las familias, a los enfermos, a las personas mayores y a las personas dependientes.

No aspecto social son as principais coidadoras nos fogares, nas redes familiares, nos espazos comunitarios. As tarefas do coidado no fogar e os fillos recaen fundamentalmente nas mulleres, ademais de representar de forma maioritaria as traballadoras domésticas.

En el aspecto social son las principales cuidadoras en los hogares, en las redes familiares, en los espacios comunitarios. Las tareas del cuidado en el hogar y los hijos recaen fundamentalmente en las mujeres, además de representar de forma mayoritaria las trabajadoras domésticas.

No económico e laboral a análise desprende que a plena igualdade non será posible ata que non exista unha asunción equitativa do traballo doméstico e dos coidados no ámbito do fogar. A iso ha de acompañar a vía da formación e o coñecemento, precisamente pola inxusta distribución das responsabilidades. Moitas mulleres ven dificultada a súa inserción no mercado laboral de calidade ou ben a permanencia en postos moi esixentes en dedicación. É fundamental seguir apoiando o liderado feminino e a presenza das mulleres en todas as esferas da sociedade, incluídos os postos de decisión e a promoción profesional en ámbitos como a ciencia. Pero para iso hai que loitar contra os estereotipos e os roles que sustentan a desigualdade.

En lo económico y laboral el análisis desprende que la plena igualdad no será posible hasta que no exista una asunción equitativa del trabajo doméstico y de los cuidados en el ámbito del hogar. A ello ha de acompañar la vía de la formación y el conocimiento, precisamente por la injusta distribución de las responsabilidades. Muchas mujeres ven dificultada su inserción en el mercado laboral de calidad o bien la permanencia en puestos muy exigentes en dedicación. Es fundamental seguir apoyando el liderazgo femenino y la presencia de las mujeres en todas las esferas de la sociedad, incluidos los puestos de decisión y la promoción profesional en ámbitos como la ciencia. Pero para ello hay que luchar contra los estereotipos y los roles que sustentan la desigualdad.

A transformación importante a

La transformación importante a

emprender, por tanto, é a estrutural, o cambio na xestión global dos tempos, a racionalización horaria, buscando un pacto social que xestione entre a cidadanía, as Administracións Públicas e a empresa privada, e sobre todo, e sobre todo, o recoñecemento económico do labor profesional, traballando pola equiparación salarial, tan necesaria para favorecer a autonomía e a capacidade de decisión, e a evolución deste modelo que parece que non é suficiente de momento.

Con respecto a iso é salientábel o incumprimento das repetidas promesas do presidente Pedro Sánchez respecto diso dunha lei de igualdade salarial para acabar coa brecha. Unha lei para asegurar a igualdade de xénero no emprego, no seu acceso e a permanencia na formación e a promoción interna na empresa. Unha lei que podería remover todos os obstáculos que dificultan a igualdade e que colabore á modificación destes modelos que lamentablemente avanzan con pasos demasiado lentos.

Finalmente, insistir en que a manifestación máis cruel da desigualdade entre mulleres e homes é a violencia de xénero. A eliminación da violencia contra as mulleres é un reto de toda a sociedade, unha tarefa conxunta que require unha actuación unitaria e a máxima coordinación. Por iso requírese un consenso institucional, político e social que mostre sen fisuras o compromiso de todas as institucións na sociedade. Este consenso ha de ser coherente coa situación que estamos a vivir neste momento, polo que cremos que non é o momento de reivindicar de forma presencial esta cuestión, aínda que isto non nos fai menos feministas e si máis responsables. O risco é grande e as consecuencias desastrosas, tal

emprender, por tanto, es la estructural, el cambio en la gestión global de los tiempos, la racionalización horaria, buscando un pacto social que gestione entre la ciudadanía, las Administraciones Públicas y la empresa privada, y sobre todo, y sobre todo, el reconocimiento económico de la labor profesional, trabajando por la equiparación salarial, tan necesaria para favorecer la autonomía y la capacidad de decisión, y la evolución de este modelo que parece que no es suficiente de momento.

Con respecto a ello es reseñable el incumplimiento de las repetidas promesas del presidente Pedro Sánchez al respecto de una ley de igualdad salarial para acabar con la brecha. Una ley para asegurar la igualdad de género en el empleo, en su acceso y la permanencia en la formación y la promoción interna en la empresa. Una ley que podría remover todos los obstáculos que dificultan la igualdad y que colabore a la modificación de estos modelos que lamentablemente avanzan con pasos demasiado lentos.

Finalmente, insistir en que la manifestación más cruel de la desigualdad entre mujeres y hombres es la violencia de género. La eliminación de la violencia contra las mujeres es un reto de toda la sociedad, una tarea conjunta que requiere una actuación unitaria y la máxima coordinación. Por ello se requiere un consenso institucional, político y social que muestre sin fisuras el compromiso de todas las instituciones en la sociedad. Este consenso ha de ser coherente con la situación que estamos viviendo en este momento, por lo que creemos que no es el momento de reivindicar de forma presencial esta cuestión, aunque esto no nos hace menos feministas y sí más responsables. El riesgo es grande y las consecuencias desastrosas, tal como

como puidemos comprobar o ano pasado.

pudimos comprobar el año pasado.

Esta mesma mañá a Delegación de Goberno do Estado na Comunidade de Madrid prohibiu todas as concentracións previstas por motivos de saúde pública. Aquí, de momento, a Subdelegación non se pronunciou en contra, pero a experiencia nestes meses demóstranos a dificultade de controlar todos os parámetros de seguridade. Doutra banda, están prohibidas as reunións familiares, os actos culturais e desaconsellado o regreso dos nosos fillos que estudan fóra.

Esta misma mañana la Delegación de Gobierno del Estado en la Comunidad de Madrid ha prohibido todas las concentraciones previstas por motivos de salud pública. Aquí, de momento, la Subdelegación no se ha pronunciado en contra, pero la experiencia en estos meses nos demuestra la dificultad de controlar todos los parámetros de seguridad. Por otro lado, están prohibidas las reuniones familiares, los actos culturales y desaconsejado el regreso de nuestros hijos que estudian fuera.

Por iso, este Grupo Municipal non pode apoiar un risco de tal calibre que pode levar á sociedade coruñesa a reverter o avance do progreso dos datos en Coruña. Aconséllolles que fixen na súa memoria os datos de hoxe para podelos comparar cos datos de despois. ***(Óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención.)***

Por ello, este Grupo Municipal no puede apoyar un riesgo de tal calibre que puede llevar a la sociedad coruñesa a revertir el avance del progreso de los datos en Coruña. Les aconsejo que fijen en su memoria los datos de hoy para poderlos comparar con los datos de después. **(Se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención.)**

Doutra banda, señora Faraldo, queixume profundamente que non aprobase a nosa emenda nun tema que o compromiso de todos nós é importante. Só pretendiamos engadir valor a todos os aspectos relacionados co tema. Lémbrolle que xa o seu Grupo político retratouse votando en contra do Pacto Nacional contra a Violencia de Xénero, e unha vez máis entendemos por que dun mesmo goberno propóñense ata catro proxectos de lei distintos e orixinados polo mesmo Ministerio.

Por otro lado, señora Faraldo, lamento profundamente que no haya aprobado nuestra enmienda en un tema que el compromiso de todos nosotros es importante. Solo pretendíamos añadir valor a todos los aspectos relacionados con el tema. Le recuerdo que ya su Grupo político se retrató votando en contra del Pacto Nacional contra la Violencia de Género, y una vez más entendemos por qué de un mismo gobierno se proponen hasta cuatro proyectos de ley distintos y originados por el mismo Ministerio.

Grazas.

Gracias.

Presidencia

Moitas grazas, señora Gutiérrez.

Presidencia

Muchas gracias, señora Gutiérrez.

Señora Neira.

Señora Neira Fernández

Grazas, señora alcaldesa.

Bo, pois desde o Grupo Municipal Socialista e desde este goberno municipal, con independencia de que existen cuestións en todas as mocións nas que, bo, pois podemos ter maior ou menor coincidencia, imos votar a favor de todas e cada unha delas porque o lóxico, despois das cifras ás que vostedes aludiron nas súas respectivas intervencións, é que finalmente se aproben por unanimidade con independencia de que en determinadas cuestións manteñamos lexítimas discrepancias.

Eu lamento moitísimo que en algo tan importante se poida facer un exercicio de demagoxia, que seguramente sexa brillante, señora Cameán. Falar de que o Partido Socialista ou que este goberno non é feminista, a min sempre me fai preguntarme o mesmo: quen é o seu Grupo político ou quen é calquera grupo político, ou quen é calquera nunha sociedade democrática, profundamente democrática, para repartir carnés de absolutamente nada, de absolutamente nada? Sempre dicimos o mesmo, pero é que nos remitimos á historia. Estamos a falar dun partido político con máis de 140 anos de traxectoria, de acertos e erros ás súas costas, e desde logo dun profundo compromiso coa loita feminista. Non imos facer un relatorio porque para iso está aí, pois a enciclopedia, está o Google, está a Wikipedia e todos a golpe de clic podemos saber absolutamente todo de case todo, pero si permítame que lle lembre que lecciónns de feminismo, ningunha, nin persoal nin

Señora Neira.

Señora Neira Fernández

Gracias, señora alcaldesa.

Bueno, pues desde el Grupo Municipal Socialista y desde este gobierno municipal, con independencia de que existen cuestiones en todas las mociones en las que, bueno, pues podemos tener mayor o menor coincidencia, vamos a votar a favor de todas y cada una de ellas porque lo lógico, después de las cifras a las que ustedes han aludido en sus respectivas intervenciones, es que finalmente se aprueben por unanimidad con independencia de que en determinadas cuestiones mantengamos legítimas discrepancias.

Yo lamento muchísimo que en algo tan importante se pueda hacer un ejercicio de demagogia, que seguramente sea brillante, señora Cameán. Hablar de que el Partido Socialista o que este gobierno no es feminista, a mí siempre me hace preguntarme lo mismo: ¿quién es su Grupo político o quién es cualquier grupo político, o quién es cualquiera en una sociedad democrática, profundamente democrática, para repartir carnés de absolutamente nada, de absolutamente nada? Siempre decimos lo mismo, pero es que nos remitimos a la historia. Estamos hablando de un partido político con más de 140 años de trayectoria, de aciertos y errores a sus espaldas, y desde luego de un profundo compromiso con la lucha feminista. No vamos a hacer un relatorio porque para eso está ahí, pues la enciclopedia, está el Google, está la Wikipedia y todos a golpe de clic podemos saber absolutamente todo de casi todo, pero sí permítame que le recuerde que lecciones de feminismo, ninguna, ni personal ni políticamente, ninguna. El feminismo comienza en la casa de uno y

politicamente, ningunha. O feminismo comeza na casa dun e comeza coa coherencia persoal, política e vital, iso en primeiro lugar. Por tanto, nin unha.

comienza con la coherencia personal, política y vital, eso en primer lugar. Por lo tanto, ni una.

Falan vostedes de todo o que non se fixo e poñen como referencia, por exemplo, a escola de empoderamento, a escola de empoderamento á que estamos ao dar unha volta, que —vostede me vai a permitir— boa falta facíalle. Se vostede cre, como cría o Goberno anterior, que o empoderamento das mulleres está en "Cabaret empoderante", autoerotismo e demais cuestións, pois seguramente está moi lonxe do que eu, como muller feminista, libre e independente, considero que ten que ser o empoderamento dunha muller. Poden ser actividades máis ou menos lúdico-festivas, pero desde logo que pouco me empoderan a min ou lle empoderan seguramente á maior parte das mulleres, por non falar de que xeralmente se repetían as asistentes e que se mantiveron bastantes protestas por esta cuestión. Vostede sábeo, e se non, chame vostede a concelleira anterior, á que vostedes constantemente aluden. É unha mágoa que non aludisen na etapa anterior, cando decidiron, pois que a Concellería de Igualdade fose soamente Concellería de Igualdade dous anos. Non lembro agora mesmo cando vostedes incorporaron Seguridade Cidadá tamén á propia Concellería.

Hablan ustedes de todo lo que no se ha hecho y ponen como referencia, por ejemplo, la escuela de empoderamiento, la escuela de empoderamiento a la que estamos dándolo una vuelta, que —usted me va a permitir— buena falta le hacía. Si usted cree, como creía el Gobierno anterior, que el empoderamiento de las mujeres está en "Cabaret empoderante", autoerotismo y demás cuestiones, pues seguramente está muy lejos de lo que yo, como mujer feminista, libre e independiente, considero que tiene que ser el empoderamiento de una mujer. Pueden ser actividades más o menos lúdico-festivas, pero desde luego que poco me empoderan a mí o le empoderan seguramente a la mayor parte de las mujeres, por no hablar de que generalmente se repetían las asistentes y que se mantuvieron bastantes protestas por esta cuestión. Usted lo sabe, y si no, llame usted a la concejala anterior, a la que ustedes constantemente aluden. Es una lástima que no aludieran en la etapa anterior, cuando decidieron, pues que la Concejalía de Igualdad fuese solamente Concejalía de Igualdad dos años. No recuerdo ahora mismo cuándo ustedes incorporaron Seguridad Ciudadana también a la propia Concejalía.

Pero bo, dito todo isto, efectivamente, eu estou totalmente de acordo no que vostedes din, que evidentemente a pandemia recaeu seguramente sobre os ombreiros das persoas que se atopan nunha posición máis fráxil e máis vulnerable nesta sociedade, sobre as persoas que se atopan nunha situación de vulnerabilidade económica, de

Pero bueno, dicho todo esto, efectivamente, yo estoy totalmente de acuerdo en lo que ustedes dicen, que evidentemente la pandemia ha recaído seguramente sobre los hombros de las personas que se encuentran en una posición más frágil y más vulnerable en esta sociedad, sobre las personas que se encuentran en una situación de

vulnerabilidade social, e fundamentalmente sobre as mulleres, sobre as que, efectivamente, recaen maioritariamente os coidados dos seus maiores e os coidados da infancia. Por iso este goberno durante a pandemia incrementou nun número considerable as prazas para mulleres que puidesen sufrir violencia de xénero, e así se fixo. Por iso este goberno reforzou o servizo de canguros, que permite en moitas ocasións a quen leva o coidado e a crianza dos seus fillos ás costas, que adoitamos ser as mulleres, poder conciliar. E por iso estableceuse ese programa de "Canguros COVID" que permite que exista ese servizo de canguraxe *do que tanto se fala en determinadas ocasións, pero que puxo en marcha o Goberno Socialista, puidese estar con menores, incluso pasando a noite con eles, para evitar que tivesen que saír das súas casas ós centros que ten a disposición a Xunta de Galicia, a Consellería de Política Social. E todo, cada unha das políticas de igualdade deste concello, con excepción desa escola de empoderamento, que xa lle digo que a min persoalmente non me representa, teñen a firma do Partido Socialista, desde o CIM ata o COF, cara a todas as políticas: canguraxe, chamémoslle como lle chamemos, a Casa de Acollida, os pisos de transición á vida independente. Absolutamente todo. Vostedes en catro anos puxeron en marcha, efectivamente, esa escola de empoderamento con "Cabaret empoderante" e xornadas de autoerotismo, entre outras moitas cuestións que poden ser, oia,* ***(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)*** *non digo que non sexan importantes, pero seguramente diste bastante do que moitas mulleres consideran que ten que ser o empoderamento da muller.*

vulnerabilidad económica, de vulnerabilidad social, y fundamentalmente sobre las mujeres, sobre las que, efectivamente, recaen mayoritariamente los cuidados de sus mayores y los cuidados de la infancia. Por eso este gobierno durante la pandemia incrementó en un número considerable las plazas para mujeres que pudieran sufrir violencia de género, y así se hizo. Por eso este gobierno reforzó el servicio de canguros, que permite en muchas ocasiones a quienes llevan el cuidado y la crianza de sus hijos a las espaldas, que solemos ser las mujeres, poder conciliar. Y por eso se estableció ese programa de "Canguros COVID" que permite que exista ese servicio de *canguraje* del que tanto se habla en determinadas ocasiones, pero que puso en marcha el Gobierno Socialista, pudiera estar con menores, incluso pasando la noche con ellos, para evitar que tuvieran que salir de sus casas a los centros que tiene a disposición la Xunta de Galicia, la Consellería de Política Social. Y todo, cada una de las políticas de igualdad de este ayuntamiento, con excepción de esa escuela de empoderamiento, que ya le digo que a mí personalmente no me representa, tienen la firma del Partido Socialista, desde el CIM hasta el COF, hacia todas las políticas: *canguraje,* llamémosle como le llamemos, la Casa de Acogida, los pisos de transición a la vida independiente. Absolutamente todo. Ustedes en cuatro años pusieron en marcha, efectivamente, esa escuela de empoderamiento con "Cabaret empoderante" y jornadas de autoerotismo, entre otras muchas cuestiones que pueden ser, oiga, **(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)** no digo que no sean importantes, pero seguramente diste bastante de lo que muchas mujeres consideran que tiene que ser el empoderamiento de la mujer.

E por outra banda, e xa para terminar, a loita do feminismo é unha loita da totalidade da sociedade ou non é, e a loita do feminismo non pode ser en ningún momento excluínte. Excluínte co 50 % da sociedade deste país, é dicir, cos homes, e excluínte de todas aquelas mulleres que discrepan do que catro organizacións poden considerar que é o feminismo.

E vólvolle a repetir, nin a min como concelleira nin a este grupo municipal, a este Partido Socialista, pódenselle dar lecciónns de feminismo. Alá cada cal co que é o seu relatorio e o seu balance de xestión e de feitos. Desde logo, a do Partido Socialista nesta materia está máis que contrastada e desde logo está moito máis que comprobada a súa eficacia e o seu compromiso.

Nada máis e moitas grazas.

Presidencia

Moitas grazas, señora Neira.

Imos proceder á votación por separado das diferentes mocións e das correspondentes emendas.

Señora Faraldo, vostede non aceptou a emenda presentada polo Partido Popular? Non a escoitei. Ten o micro encendido, señora Faraldo?

Señora Faraldo Calvo

Perdón, señora alcaldesa.

Non a aceptei porque era unha moción en si mesma.

Presidencia

Ben, ben.

Y por otra parte, y ya para terminar, la lucha del feminismo es una lucha de la totalidad de la sociedad o no es, y la lucha del feminismo no puede ser en ningún momento excluyente. Excluyente con el 50 % de la sociedad de este país, es decir, con los hombres, y excluyente de todas aquellas mujeres que discrepan de lo que cuatro organizaciones pueden considerar que es el feminismo.

Y le vuelvo a repetir, ni a mí como concejala ni a este grupo municipal, a este Partido Socialista, se le pueden dar lecciones de feminismo. Allá cada cual con lo que es su relatorio y su balance de gestión y de hechos. Desde luego, la del Partido Socialista en esta materia está más que contrastada y desde luego está mucho más que comprobada su eficacia y su compromiso.

Nada más y muchas gracias.

Presidencia

Muchas gracias, señora Neira.

Vamos a proceder a la votación por separado de las diferentes mociones y de las correspondientes enmiendas.

Señora Faraldo, ¿usted no aceptó la enmienda presentada por el Partido Popular? No la oí ¿Tiene el micro encendido, señora Faraldo?

Señora Faraldo Calvo

Perdón, señora alcaldesa.

No la acepté porque era una moción en sí misma.

Presidencia

Bien, bien.

O BNG... di: unha moción en si mesma, dixo. O BNG aceptou a emenda do PP? Si.

A Marea Atlántica?

Señora Cameán Calvete

Si, tamén acepta a Marea Atlántica.

Presidencia

Si, ben, pois entón se votará en primeiro lugar a emenda presentada polo Partido Popular á moción da señora Faraldo. De non prosperar a emenda se votará a moción da señora Faraldo e despois se votará a moción do BNG coa emenda incorporada, e despois a moción da Marea Atlántica coa emenda incorporada.

Votación da emenda de adición do Grupo Municipal do Partido Popular á segunda moción da concelleira non adscrita D.ª Isabel Faraldo Calvo

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación a emenda de adición do Grupo Municipal do Partido Popular á segunda moción da concelleira non adscrita D.ª Isabel Faraldo Calvo, polo 8M, producíndose o seguinte resultado:

Abstense o Grupo Municipal do Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 abstencións).

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Popular (PP) (9 votos).

Vota a favor o Grupo Municipal da Marea Atlántica (MA) (5 votos).

Vota a favor o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (2 votos).

El BNG... dice: una moción en sí misma, dijo. ¿El BNG aceptó la enmienda del PP? Sí.

¿La Marea Atlántica?

Señora Cameán Calvete

Sí, también acepta la Marea Atlántica.

Presidencia

Sí, bien, pues entonces se votará en primer lugar a enmienda presentada por el Partido Popular a la moción de la señora Faraldo. De no prosperar la enmienda se votará la moción de la señora Faraldo y después se votará la moción del BNG con la enmienda incorporada, y después la moción de la Marea Atlántica con la enmienda incorporada.

Votación de la enmienda de adición del Grupo Municipal del Partido Popular a la segunda moción de la concejala no adscrita D.ª Isabel Faraldo Calvo

Seguidamente por la Presidencia se somete a votación la enmienda de adición del Grupo Municipal del Partido Popular a la segunda moción de la concejala no adscrita D.ª Isabel Faraldo Calvo, por el 8 M, produciéndose el siguiente resultado:

Se abstiene el Grupo Municipal del Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 abstencións).

Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Popular (PP) (9 votos).

Vota a favor el Grupo Municipal de la Marea Atlántica (MA) (5 votos).

Vota a favor el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego (2 votos).

Abstense a concelleira non adscrita D.ª Mónica Martínez Lema (1 abstención).

Vota en contra a concelleira non adscrita D.ª Isabel Faraldo Calvo (1 voto).

Presidencia

Moitas grazas.

Prospera esta emenda.

50.- Moción presentada pola concelleira non adscrita D.ª Isabel Faraldo Calvo emendada polo Grupo Municipal do Partido Popular, polo 8M

Acordo

Instar ao Concello da Coruña a:

1. Apoiar as mobilizacións que se propoñen desde o movemento feminista este 8 de marzo, seguindo todas as medidas de seguridade marcadas polo Ministerio e a Consellería de Sanidade, respectivamente.

2. Investir os recursos correspondentes do Pacto de Estado a reforzar servizos do CIM e/ou Casa de Acollemento para reducir as listas de agarda e realizar unha mellor atención ás mulleres en situacións de violencia de xénero.

3. Incrementar a participación do COF na programación de actividades relacionadas coa educación afectivo-sexual.

4. Visibilizar mediante campañas a situación do Pacto por unha cidade libre de violencias machistas para que a cidadanía e entidades poidan entender a súa orixe e obxectivos.

Se abstiene la concejala no adscrita D.ª Mónica Martínez Lema (1 abstención).

Vota en contra la concejala no adscrita D.ª Isabel Faraldo Calvo (1 voto).

Presidencia

Muchas gracias.

Prospera esta enmienda.

50.- Moción presentada por la concejal no adscrita D.ª Isabel Faraldo Calvo emendada por el Grupo Municipal del Partido Popular, por el 8M

Acuerdo

Instar al Ayuntamiento de A Coruña a:

Esta moción de hoy el PP viene a completar aquella, ampliándola en cuanto a mobiliario urbano, necesidad de limpieza de zona, de ampliación de zonas verdes. Nada que discutir.

Un punto a destacar, de nuevo, como en otra moción de días atrás que me llama la atención: la petición de reunión con la vecindad del Martinete y además, para dar a conocer un proyecto elaborado por ellos mismos para mejorar el barrio. ¿Quién podría negarse? ¡No me cabe en la imaginación! No puedo imaginar una negativa en este sentido por parte de nadie. Vaya por delante nuestro voto favorable. Gracias.

Presidencia

Muchas gracias, señora Faraldo.

Por el BNG, señor Jorquera.

Señor Jorquera Caselas

Grazas, señora alcaldesa.

Esta moción do Grupo Popular, como indicou a señora Gutiérrez, é o resultado dunha visita dese grupo ao Martinete para manter unha xuntanza cos veciños. O noso grupo municipal tamén ten concertada unha visita para o martes vindeiro, aínda que xa o pasado 8 de outubro visitamos Someso, o Birloque e O Martinete e plasmamos as reivindicacións dos veciños nunha iniciativa. Os problemas do Martinete son comúns aos de moitos núcleos de características rurais ou ruro-urbanas da nosa cidade. Puidémolo constatar nos últimos meses nas visitas que fixemos, entre outros, ao Mesoiro Vello, Vío, a zona rural de Eirís ou os núcleos de Silva e Cances. Estes espazos caracterízanse polos seus valores ambientais e patrimoniais, mais moitas veces a carencia de servizos, o desleixo urbanístico e o abandono provocan que estes lugares se convertan en espazos marxinais e degradados, esquecidos nas políticas municipais.

Ás dezaseis horas e corenta e oito minutos sae do Salón de Sesións o señor García Fernández.

Por exemplo, na visita que fixemos ao Birloque e ao Martinete puidemos constatar a existencia de numerosas fincas abandonadas, cheas de plumachos e maleza, que nalgúns casos sobrepasan os valados que as delimitan invandindo as beirarrúas. Fincas que alén do seu brutal impacto paisaxístico constitúen un risco de incendios ou un foco de sucidade e infección, provocando a proliferación de cóbregas e ratas, que nalgúns casos chegan a entrar nos andares dos edificios

Señor Jorquera Caselas

Gracias, señora alcaldesa.

Esta moción del Grupo Popular, como indicó la señora Gutiérrez, es el resultado de una visita de ese grupo al Martinete para mantener una reunión con los vecinos. Nuestro grupo municipal también tiene concertada una visita para el martes próximo, aunque ya el pasado 8 de octubre visitamos Someso, el Birloque y O Martinete y plasmamos las reivindicaciones de los vecinos en una iniciativa. Los problemas del Martinete son comunes a los de muchos núcleos de características rurales o ruro-urbanas de nuestra ciudad. Lo pudimos constatar en los últimos meses en las visitas que hicimos, entre otros, al Mesoiro Vello, Vío, la zona rural de Eirís o los núcleos de Silva y Cances. Estos espacios se caracterizan por sus valores ambientales y patrimoniales, pero muchas veces la carencia de servicios, la dejadez urbanística y el abandono provocan que estos lugares se conviertan en espacios marginales y degradados, olvidados en las políticas municipales.

A las dieciséis horas y cuarenta y ocho minutos sale del Salón de Sesiones el señor García Fernández.

Por ejemplo, en la visita que hicimos al Birloque y al Martinete pudimos constatar la existencia de numerosas fincas abandonadas, montones de plumachos y maleza, que en algunos casos sobrepasan los vallados que las delimitan invandiendo las aceras. Fincas que más allá de su brutal impacto paisajístico constituyen un riesgo de incendios o un foco de suciedad e infección, provocando la proliferación de culebras y ratas, que en algunos casos llegan a entrar en los pisos de los edificios colindantes. Es

colindantes. Abonda con examinar as reivindicacións dos veciños para constatar que o que piden son actuacións básicas e elementais para mellorar a calidade destas zonas: limpar, que haxa papeleiras e contedores de reciclaxe, renovar o mobiliario urbano por estar en mal estado, ampliar zonas verdes, estudar melloras do transporte público. Non están pedindo que se dote á zona dun centro sociocultural como o Ágora ou cun grande complexo polideportivo. Están pedindo, insisto, actuacións básicas e elementais e que se recuperen e poñan en valor espazos como o río en vez de que as súas beiras ou a baixada do mesmo se convertan nun vertedoiro. Todas estas zonas do noso municipio reúnen condicións para converterse no gran pulmón verde da Coruña, pero facelo algún día realidade pasa primeiro por atender ás necesidades máis urxentes. Por estas razóns o Grupo Municipal do BNG vai votar a favor desta moción.

suficiente con examinar las reivindicaciones de los vecinos para constatar que lo que piden son actuaciones básicas y elementales para mejorar la calidad de estas zonas: limpiar, que haya papeleras y contenedores de reciclaje, renovar el mobiliario urbano por estar en mal estado, ampliar zonas verdes, estudiar mejoras del transporte público. No están pidiendo que se dote a la zona de un centro sociocultural como el Ágora o con un gran complejo polideportivo. Están pidiendo, insisto, actuaciones básicas y elementales y que se recuperen y pongan en valor espacios como el río en vez de que sus orillas o la bajada del mismo se conviertan en un vertedero. Todas estas zonas de nuestro municipio reúnen condiciones para convertirse en el gran pulmón verde de A Coruña, pero hacerlo algún día realidad pasa primero por atender a las necesidades más urgentes. Por estas razones el Grupo Municipal del BNG va a votar a favor de esta moción.

Presidencia

Moitas grazas, señor Jorquera.

Pola Marea Atlántica, señora Delso.

Presidencia

Muchas gracias, señor Jorquera.

Pola Marea Atlántica, señora Delso.

Señora Delso Carreira

Antes de nada gustaríame facer unha aclaración ao respecto da moción anterior. Señora Sobral, paréceme que lle pasaron mal as notas. O Goberno da Marea Atlántica nunca mandaría os praceiros para casa. O proxecto, de 3,7 millóns de euros fronte aos 800.000 euros do Partido Popular, o que fai, precisamente, é poñer en valor o mercado, conectar o mercado co barrio, darlle máis protagonismo. Se agora teñen problemas para a reubicación a responsabilidade é única e

Señora Delso Carreira

Antes de nada me gustaría hacer una aclaración con respecto a la moción anterior. Señora Sobral, me parece que le pasaron mal las notas. El Gobierno de la Marea Atlántica nunca mandaría a los placeros para casa. El proyecto, de 3,7 millones de euros frente a los 800.000 euros del Partido Popular, lo que hace, precisamente, es poner en valor el mercado, conectar el mercado con el barrio, darle más protagonismo. Si ahora tienen problemas para la reubicación la responsabilidad es única y exclusivamente

exclusivamente vosa, que levan 20 meses gobernando, por favor! Ou sexa, que decidiron prorrogar unilateralmente o Orzamento do 2020, señora Sobral. Se agora non teñen a partida orzamentaria para o mercado provisional a responsabilidade é de quen goberna, do goberno en minoría que goberna como nunha minoría absolutista, que goberna como se tivera maioría absoluta e aínda así son goberno e a responsabilidade é súa. Entérese das consecuencias que nós xa alertamos no seu momento e por iso dixemos, corenta veces, a gravidade da decisión unilateral de prorrogar o Orzamento, porque ten consecuencias, claro que ten consecuencias! E hai cousas que, se cadra, queren facer que non poden facer e tiñan unha oposición disposta a aprobar iso nun Orzamento. Por iso é tan inexplicable que decidiran prorrogar o Orzamento. Pero fáganse conscientes, fágase consciente, señora Sobral, da responsabilidade que é ser goberno, por favor! Ten que facer o seu traballo. En fin.

vuestra, que llevan 20 meses gobernando, ¡por favor! O sea, que decidieron prorrogar unilateralmente el Presupuesto del 2020, señora Sobral. Si ahora no tienen la partida presupuestaria para el mercado provisional la responsabilidad es de quien gobierna, del gobierno en minoría que gobierna como en una minoría absolutista, que gobierna como si tuviese mayoría absoluta y aun así son gobierno y la responsabilidad es suya. Entérese de las consecuencias que nosotros ya alertamos en su momento y por eso dijimos, cuarenta veces, la gravedad de la decisión unilateral de prorrogar el Presupuesto, porque tiene consecuencias, ¡claro que tiene consecuencias! Y hay cosas que, a lo mejor, quieren hacer que no pueden hacer y tenían una oposición dispuesta a aprobar eso en un Presupuesto. Por eso es tan inexplicable que decidiesen prorrogar el Presupuesto. Pero háganse conscientes, hágase consciente, señora Sobral, de la responsabilidad que es ser gobierno, ¡por favor! Tiene que hacer su trabajo. En fin.

Ás dezaseis horas e cincuenta e un minutos entra no Salón de Sesións o señor Celemín Santos.

A las dieciséis horas y cincuenta y un minutos entra en el Salón de Sesiones el señor Celemín Santos.

Indo á moción do Martinete, como xa aconteceu no pasado mandato os barrios están requirindo constantemente a atención do Goberno local. No pasado Pleno, como xa se dixo, foron Palavea, o Birloque, o Montiño e os Castros. E neste Pleno repítese a situación, a preocupante desatención que sofren os barrios da cidade con este Goberno e que reclaman a atención. E é o caso que nos ocupa, que é o caso do Martinete e a súa veciñanza.

Yendo a la moción del Martinete, como ya sucedió en el pasado mandato los barrios están requiriendo constantemente la atención del Gobierno local. En el pasado Pleno, como ya se dijo, fueron Palavea, el Birloque, el Montiño y los Castros. Y en este Pleno se repite la situación, la preocupante desatención que sufren los barrios de la ciudad con este Gobierno y que reclaman la atención. Y es el caso que nos ocupa, que es el caso del Martinete y su vecindad.

Ás dezaseis horas e cincuenta e dous minutos entra no Salón de Sesións o señor García Fernández.

A las dieciséis horas y cincuenta y dos minutos entra en el Salón de Sesiones el señor García Fernández.

Falando cos veciños do barrio atopámonos unha vez máis cun barrio desatendido polo actual Goberno municipal e que reclama ser un barrio en igualdade de dereitos. Nese sentido, o traballo do goberno anterior nos barrios, non me cansarei de dicilo, foi claro. E atendeu a tratar de reequilibrar a inversión pública nos barrios que foron, lamentablemente, historicamente desatendidos en prol do centro da cidade. E iso é un feito nesta cidade e iso é parte, tamén, da famosa mochila vazquista.

Hablando con los vecinos del barrio nos encontramos una vez más con un barrio desatendido por el actual Gobierno municipal y que reclama ser un barrio en igualdad de derechos. En ese sentido, el trabajo del gobierno anterior en los barrios, no me cansaré de decirlo, fue claro. Y atendió a tratar de reequilibrar la inversión pública en los barrios que fueron, lamentablemente, históricamente desatendidos en pro del centro de la ciudad. Y eso es un hecho en esta ciudad y eso es parte, también, de la famosa mochila vazquista.

A política da Marea Atlántica nos barrios foi unha política de intervención urbana democratizadora e, lamentablemente, co actual Goberno municipal o foco das intervencións volve a ser o centro e vólvese a desatender á periferia e os barrios.

La política de la Marea Atlántica en los barrios fue una política de intervención urbana democratizadora y, lamentablemente, con el actual Gobierno municipal el foco de las intervenciones vuelve a ser el centro y se vuelve a desatender a la periferia y los barrios.

Nesta moción, os veciños, a veciñanza do Martinete, require a atención, require cousas tan básicas como unha visita, señora Sobral e señora Rey, unha visita do Goberno actual. Nós, por certo, sumámonos ao resto de grupos da oposición e acudiremos ao barrio a vindeira semana, pero na conversa que xa tivemos cos veciños xa nos adiantaron algunha das demandas que incorporamos na nosa emenda que, polo que falei, será incorporada. Instamos o Goberno municipal á renovación de todo o firme do barrio. Hai unha demanda no barrio do Martinete para reverdecer o barrio. Hai rúas que non teñen árbores, pero nin a primeira: na rúa Mozart, na avenida da Universidade **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** no inicio da avenida de Glasgow, na rúa Darriba, na rúa Joaquín Martín Martínez, na rúa Félix Acevedo, na rúa Mendaña de Neyra... queren

En esta moción, los vecinos, la vecindad del Martinete, requiere la atención, requiere cosas tan básicas como una visita, señora Sobral y señora Rey, una visita del Gobierno actual. Nosotros, por cierto, nos sumamos al resto de grupos de la oposición y acudiremos al barrio la próxima semana, pero en el diálogo que ya tuvimos con los vecinos ya nos adelantaron alguna de las demandas que incorporamos en nuestra enmienda que, por lo que hablé, será incorporada. Instamos al Gobierno municipal a la renovación de todo el firme del barrio. Hay una demanda en el barrio del Martinete para reverdecer el barrio. Hay calles que no tienen árboles, pero ni el primero: en la calle Mozart, en la avenida de la Universidad ***(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)*** *en el inicio de la avenida de Glasgow, en la calle Darriba, en la calle Joaquín Martín Martínez, en la calle Félix Acevedo, en la calle Mendaña*

árbores, señora Rey, e queren, tamén, e nós tamén queremos, que se axilicen dunha vez por todas, coa Deputación os trámites para a cesión das estradas provinciais, nomeadamente a da DP-0512, da DP-3007 e DP-3004 para así poder garantir un mantemento adecuado das mesmas e así mesmo urxe mellorar a iluminación, tanto do Birloque como do Martinete como do San Cristovo das Viñas e, evidentemente e sumado, tamén, á moción anterior ao transporte público, é urxente que haxa melloras do transporte público tamén no barrio do Martinete e que haxa melloras das frecuencias e de rutas nas liñas, particularmente na 21 e na 5, así como estudar a conexión directa do aparcamento disuasorio de Lonzas cos polígonos da Agrela e Pocomaco, así como co centro da cidade. Máis nada.

de Neyra... quieren árboles, señora Rey, y quieren, también, y nosotros también queremos, que se agilicen de una vez por todas, con la Diputación los trámites para la cesión de las carreteras provinciales, especialmente la de la DP-0512, de la DP-3007 y DP-3004 para así poder garantizar un mantenimiento adecuado de las mismas y asimismo urge mejorar la iluminación, tanto del Birloque como del Martinete como del San Cristovo das Viñas y, evidentemente y sumado, también, a la moción anterior al transporte público, es urgente que haya mejoras del transporte público también en el barrio del Martinete y que haya mejoras de las frecuencias y de rutas en las líneas, particularmente en la 21 y en la 5, así como estudiar la conexión directa del aparcamiento disuasorio de Lonzas con los polígonos de Agrela y Pocomaco, así como con el centro de la ciudad. Nada más.

Presidencia

Moitas grazas, señora Delso.

Señora Sobral.

Señora Sobral Cabanas

Grazas, señora alcaldesa.

A ver, señora Delso, claro que facemos o noso traballo! Por iso nós si contemplamos a recolocación que, insisto, vostedes non contemplaban.

Con respecto á instancia para que este Goberno municipal se reúna cos veciños do Martinete lémbrolles, unha vez máis, que este Goberno é dialogante e sempre estamos dispostos a escoitar e a reunirnos con todo aquel que o solicite, tanto con veciños e veciñas para que nos trasladen as súas demandas e necesidades como con asociacións de veciños. De feito, xa

Presidencia

Muchas gracias, señora Delso.

Señora Sobral.

Señora Sobral Cabanas

Gracias, señora alcaldesa.

A ver, señora Delso, ¡claro que hacemos nuestro trabajo! Por eso nosotros sí hemos contemplado la reubicación que, insisto, ustedes no contemplaban.

Con respecto a la instancia para que este Gobierno municipal se reúna con los vecinos del Martinete les recuerdo, una vez más, que este Gobierno es dialogante y siempre estamos dispuestos a escuchar y a reunirnos con todo aquel que lo solicite, tanto con vecinos y vecinas para que nos trasladen sus demandas y necesidades como con asociaciones de vecinos. De hecho, ya hemos estado reunidos y

estivemos reunidos e visitando, tanto coa asociación de veciños Os Anxos como coa asociación veciñal San Cristovo das Viñas e representantes, ambas as dúas, do barrio Birloque-Martinete e tamén contactamos recentemente co representante veciñal do Martinete obxecto desta moción, coa intención de coñecer o seu proxecto e atender as súas demandas. Pero si que lle vou dar a razón en algo, que, aínda que a nosa interlocución natural é coas asociacións de veciños e reunímonos con algún veciño de maneira individual vou dar a razón en que non nos reunimos cos 250.000 habitantes da cidade porque, como dicía aquela canción de Siniestro Total, "o que non pode ser, non pode ser e ademais é imposible". Así pois, infórmoos a vostedes de que por mor desas reunións que xa mantivemos e das peticións veciñais sobre a zona Birloque-Martinete este Goberno municipal procedeu xa a executar a renovación do parque infantil, do complexo deportivo de Elviña, así como a repavimentación da avenida de Glasgow ou a reurbanización das rúas Mozart e Luís Pena Novo e máis actuacións realizadas na contorna do Martinete que favorecen, tamén, a mellorar o barrio.

visitando, tanto con la asociación de vecinos Os Anxos como con la asociación vecinal San Cristovo das Viñas e representantes, ambas, del barrio Birloque-Martinete y también hemos contactado recientemente con el representante vecinal del Martinete objeto de esta moción, con la intención de conocer su proyecto y atender sus demandas. Pero sí que le voy a dar la razón en algo, que, aunque nuestra interlocución natural es con las asociaciones de vecinos y nos reunimos con algún vecino de manera individual le voy a dar la razón en que no nos hemos reunido con los 250.000 habitantes de la ciudad porque, como decía aquella canción de Siniestro Total, "lo que no puede ser, no puede ser y además es imposible". Así pues, les informo a ustedes de que a raíz de esas reuniones que ya hemos mantenido y de las peticiones vecinales sobre la zona Birloque-Martinete este Gobierno municipal ha procedido ya a ejecutar la renovación del parque infantil, del complejo deportivo de Elviña, así como la repavimentación de la avenida de Glasgow o la reurbanización de las calles Mozart e Luís Pena Novo y más actuaciones realizadas en la contorna del Martinete que favorecen, también, a mejorar el barrio.

Ás dezaseis horas e cincuenta e cinco minutos entra no Salón de Sesións o señor Martínez Durán.

A las dieciséis horas y cincuenta y cinco minutos entra en el Salón de Sesiones el señor Martínez Durán.

Actualmente atópase en licitación a mellora da conexión peonil entre o Birloque e Pocomaco, proxecto financiado por fondos EIDUS e que implicará unha gran mellora na mobilidade entre os barrios. Xa se realizou o plan de choque de limpeza, igual que noutros barrios da cidade, e co novo contrato contarase cun reforzo extra. Realizáronse rozas en leiras

Actualmente se encuentra en licitación la mejora de la conexión peatonal entre el Birloque y Pocomaco, proyecto financiado por fondos EIDUS y que implicará una gran mejora en la movilidad entre los barrios. Ya se ha realizado el plan de choque de limpieza, igual que en otros barrios de la ciudad, y con el nuevo contrato se contará con un refuerzo extra. Se han realizado desbroces en fincas

privadas por execución subsidiaria e realizouse unha desratización de toda a zona. Tamén hai un proxecto en marcha para a renovación do mobiliario urbano, reposición de contedores, instalación de novas papeleiras e habilitaranse zonas verdes e árbores onde as características do barrio permitan facelo. O Martinete é un deses espazos, como o de San Pedro de Visma, que conxugan tradición e modernidade, e somos conscientes do seu valor engadido e da riqueza diferencial que achegan ao conxunto da cidade da Coruña. Por iso este Goberno municipal leva todo o seu mandato focalizando unha parte importante da súa acción sobre todos os barrios e a súa mellora e modernización, adecuándoos aos tempos que corren.

privadas por ejecución subsidiaria y se ha realizado una desratización de toda la zona. También hay un proyecto en marcha para la renovación del mobiliario urbano, reposición de contenedores, instalación de nuevas papeleras y se habilitarán zonas verdes y árboles donde las características del barrio permitan hacerlo. O Martinete es uno de esos espacios, como el de San Pedro de Visma, que conjugan tradición y modernidad, y somos conscientes de su valor añadido y de la riqueza diferencial que aportan al conjunto de la ciudad de A Coruña. Por eso este Gobierno municipal lleva todo su mandato focalizando una parte importante de su acción sobre todos los barrios y su mejora y modernización, adecuándolos a los tiempos que corren.

Gustaríame finalizar esta intervención anunciando que apoiaremos a moción e garantindo a todas as veciñas e veciños nosa total implicación para seguir nesta liña de traballo e lograr unha maior prosperidade para todos os barrios da cidade, non sen antes dicirlle, señora Gutiérrez, que desde que me incorporei como concelleira de barrios, ademais de todas as actuacións que realizaron os meus compañeiros anteriormente, que non son poucas, e realizan paralelamente, esta humilde concelleira realizou 28 visitas e ademais reuniuse con 20 asociacións diferentes no despacho. Eu non sei se é suficiente ou non, e máis tendo en conta a situación sanitaria na que nos atopamos. Moitas grazas.

Me gustaría finalizar esta intervención anunciando que apoyaremos la moción y garantizando a todas las vecinas y vecinos nuestra total implicación para seguir en esta línea de trabajo y lograr una mayor prosperidad para todos los barrios de la ciudad, no sin antes decirle, señora Gutiérrez, que desde que me he incorporado como concejala de barrios, además de todas las actuaciones que han realizado mis compañeros anteriormente, que no son pocas, y realizan paralelamente, esta humilde concejala ha realizado 28 visitas y además se ha reunido con 20 asociaciones diferentes en el despacho. Yo no sé si es suficiente o no, y más teniendo en cuenta la situación sanitaria en que nos encontramos. Muchas gracias.

Presidencia

Moitas grazas, señora Sobral.

Procedemos á votación desta moción xa coa emenda transaccionada.

Presidencia

Muchas gracias, señora Sobral.

Procedemos a la votación de esta moción ya con la enmienda transaccionada.

Votación da primeira moción do Grupo Municipal do Partido Popular

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación a primeira moción do Grupo Municipal do Partido Popular transaccionada co Grupo Municipal da Marea Atlántica, sobre O Martinete, producíndose o seguinte resultado:

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos).

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Popular (PP) (9 votos).

Vota a favor o Grupo Municipal da Marea Atlántica (MA) (5 votos).

Vota a favor o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 votos).

Vota a favor a concelleira non adscrita Dª. Mónica Martínez Lema (1 voto).

Vota a favor a concelleira non adscrita Dª. Isabel Faraldo Calvo (1 voto).

Presidencia

Moitas grazas. Queda aprobada por unanimidade.

58. Moción presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, transaccionada co Grupo Municipal da Marea Atlántica, sobre O Martinete

Acordo:

1. Reunirse cos veciños do Martinete para coñecer o proxecto elaborado por eles mesmos para mellorar o barrio.

Votación de la primera moción del Grupo Municipal del Partido Popular

Seguidamente por la Presidencia se somete a votación la primera moción del Grupo Municipal del Partido Popular transaccionada con el Grupo Municipal de la Marea Atlántica, sobre O Martinete, produciéndose el siguiente resultado:

Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos).

Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Popular (PP) (9 votos).

Vota a favor el Grupo Municipal de la Marea Atlántica (MA) (5 votos).

Vota a favor el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 votos).

Vota a favor la concejala no adscrita Dª. Mónica Martínez Lema (1 voto).

Vota a favor la concejala no adscrita Dª. Isabel Faraldo Calvo (1 voto).

Presidencia

Muchas gracias. Queda aprobada por unanimidad.

58. Moción presentada por el Grupo Municipal del Partido Popular, transaccionada con el Grupo Municipal de Marea Atlántica, sobre O Martinete

Acuerdo:

1. Reunirse con los vecinos del Martinete para conocer el proyecto elaborado por ellos mismos para mejorar el barrio.

2. Facer unha limpeza completa da zona, en especial na baixada ao río que se converteu nun vertedoiro improvisado, e das beirarrúas, cheas de verdín.

2. Hacer una limpieza completa de la zona, en especial en la bajada al río que se convirtió en una escombrera improvisada, y de las aceras, llenas de verdín.

3. Dotar a zona de papeleiras e de contedores de reciclaxe.

3. Dotar la zona de papeleras y de contenedores de reciclaje.

4. Tentar ampliar as zonas verdes e facer o mantemento adecuado nas existentes.

4. Intentar ampliar las zonas verdes y hacer el mantenimiento adecuado en las existentes.

5. Renovar o escaso mobiliario urbano que existe xa que se encontra en mal estado.

5. Renovar el escaso mobiliario urbano que existe ya que se encuentra en mal estado.

6. Estudar melloras no transporte público, nomeadamente mellora das frecuencias e das rutas nas liñas 21 e 5 así como estudar a conexión directa do aparcamento disuasorio de Lonzas cos polígonos da Grela e Pocomaco e o centro da cidade.

6. Estudiar mejoras en el transporte público, especialmente mejora de las frecuencias y de las rutas en las líneas 21 y 5 así como estudiar la conexión directa del aparcamiento disuasorio de Lonzas con los polígonos de la Grela y Pocomaco y el centro de la ciudad.

7. Instar o Goberno municipal á renovación do firme en todo o barrio.

7. Instar al Gobierno municipal a la renovación del firme en todo el barrio.

8. Instar o Goberno municipal a reverdecer o barrio coa plantación de arborado en todas as rúas que sexa posible, nomeadamente nas rúas Mozart, avenida Universidade, inicio da avenida de Glasgow, rúa Juan Darriba, rúa Joaquín Martín Martínez, rúa Félix Acevedo e rúa Mendaña de Neyra.

8. Instar al Gobierno municipal a reverdecer el barrio con la plantación de arbolado en todas las calles que sea posible, especialmente en las calles Mozart, avenida Universidad, inicio de la avenida de Glasgow, calle Juan Darriba, calle Joaquín Martín Martínez, calle Félix Acevedo y calle Mendaña de Neyra.

9. Instar o Goberno municipal a axilizar coa Deputación os trámites para a cesión das estradas provinciais, nomeadamente da DP-0512, DP-3007, DP-3004, e así poder garantir un mantemento adecuado das mesmas.

9. Instar al Gobierno municipal a agilizar con la Diputación los trámites para la cesión de las carreteras provinciales, especialmente de la DP-0512, DP-3007, DP-3004, y así poder garantizar un mantenimiento adecuado de las mismas.

10. Instar o Goberno municipal a mellorar a iluminación dos barrios do Birloque, Martinete e San Cristovo das Viñas.

10. Instar al Gobierno municipal a mejorar la iluminación de los barrios del Birloque, Martinete y San Cristovo das Viñas.

Presidencia

Última moción do Partido Popular en apoio da redución do IVE aos salóns de peiteado.

Señora Peñalosa.

Segunda. Moción en favor da redución do IVE aos salóns de peiteado.

Señora Peñalosa López-Pin

Boa tarde a todos e en especial os representantes da Asociación de Estilistas Coruñeses Imaxe Persoal Asociados e os representantes da plataforma de imaxe persoal Crer en Nós, plataforma que levou a cabo as concentracións que axudan a visibilizar este problema e que nos acompañan desde a tribuna de invitados.

Ante situacións distintas, medidas distintas. Isto é o que demandan de nós os cidadáns e iso é o que está a pedir o Partido Popular nesta moción. No ano 2011 o Partido Popular chega ao Goberno de España e o señor Rajoy atópase que eses brotes verdes dos que falaba o señor Zapatero non eran verdes e as raíces estaban mortas. Para seguir poñéndonos en contexto e antes de que todos vostedes nolo relaten, o 1 de setembro de 2012 o Goberno do Partido Popular vese obrigado a tomar medidas fiscais para cumprir coa senda de consolidación fiscal comprometida coa Unión Europea. Entre outras medidas, cambia o tipo impositivo do IVE reducido a xeral a sectores como salóns de peiteado e estética. Hoxe, case 9 anos despois, sobre todo, tendo en conta a grave crise que se atopa a economía pola COVID, vemos obrigado cambiar esta situación e non

Presidencia

Última moción del Partido Popular en apoyo de la reducción del IVA a las peluquerías.

Señora Peñalosa.

Segunda. Moción en favor de la reducción del IVA a las peluquerías.

Señora Peñalosa López-Pin

Buenas tardes a todos y en especial a los representantes de la Asociación de Estilistas Coruñeses Imagen Personal Asociados y a los representantes de la plataforma de imagen personal Creer en Nosotros, plataforma que ha llevado a cabo las concentraciones que ayudan a visibilizar este problema y que nos acompañan desde la tribuna de invitados.

Ante situaciones distintas, medidas distintas. Esto es lo que demandan de nosotros los ciudadanos y eso es lo que está pidiendo el Partido Popular en esta moción. En el año 2011 el Partido Popular llega al Gobierno de España y el señor Rajoy se encuentra que esos brotes verdes de los que hablaba el señor Zapatero no eran verdes y las raíces estaban muertas. Para seguir poniéndonos en contexto y antes de que todos ustedes nos lo relaten, el 1 de septiembre de 2012 el Gobierno del Partido Popular se ve obligado a tomar medidas fiscales para cumplir con la senda de consolidación fiscal comprometida con la Unión Europea. Entre otras medidas, cambia el tipo impositivo del IVA reducido a general a sectores como peluquerías y estética. Hoy, casi 9 años después, sobre todo, teniendo en cuenta la grave crisis que se encuentra la economía por la COVID, vemos obligado cambiar esta situación y no entendemos cómo

entendemos como outros, PSOE e Podemos, non o realizaron xa, e non o entendemos por dous motivos; o primeiro, é que o tipo de IVE reducido é para actividades esenciais e eles mesmos no decreto da COVID xa declararon os establecementos de salón de peiteado como unha actividade esencial, non só pola súa connotación estética senón tamén polo seu compoñente hixiénico sanitario; en segundo lugar, porque o Partido Socialista seis anos despois da subida impositiva, exactamente o 21 de maio de 2018, presenta unha proposición non de lei para baixar o IVE ao sector dos salóns de peiteado e estética ao tipo reducido do 10 %. O Partido Popular e o Goberno de Rajoy vota favorablemente e vaino a executar, pero 10 días máis tarde o señor Sánchez chega á Moncloa despois dunha moción de censura e esquécese do que os seus querían e solicitaran á cámara. O que pensaban antes, agora que estaban no goberno, non importaba.

otros, PSOE y Podemos, no lo han realizado ya, y no lo entendemos por dos motivos; el primero, es que el tipo de IVA reducido es para actividades esenciales y ellos mismos en el decreto de la COVID ya declararon a los establecimientos de peluquería como una actividad esencial, no solo por su connotación estética sino también por su componente higiénico sanitario; en segundo lugar, porque el Partido Socialista seis años después de la subida impositiva, exactamente el 21 de mayo de 2018, presenta una proposición no de ley para bajar el IVA al sector de las peluquerías y estética al tipo reducido del 10 %. El Partido Popular y el Gobierno de Rajoy vota favorablemente y lo va a ejecutar, pero 10 días más tarde el señor Sánchez llega a la Moncloa después de una moción de censura y se olvida de lo que los suyos querían y habían solicitado a la cámara. Lo que pensaban antes, ahora que estaban en el gobierno, no importaba.

O sector está a sufrir a crise dunha maneira moi significativa. Estímase que se pecharon xa máis de 300 negocios de salóns de peiteado e estética en Galicia e a súa facturación rexistra unha caída superior ao 30 %. O cambio do tipo impositivo que o sector demanda nas súas numerosas manifestacións daríalle un pouco de vida nesta época tan dura que estamos todos soportando. A Coruña e o seu Goberno municipal non se poden permitir o luxo de esquecerse dos seus cidadáns, sobre todo tendo en conta que o paro na cidade conta nas súas listas con 18.388 coruñeses, 1.677 máis que no mesmo mes do ano pasado. Nin nos peores tempos da crise Coruña alcanzara o 10 % do paro de toda Galicia, con todo desde xuño do 2018 ese 10 % está a ser a tónica habitual. Ademais, somos a cidade galega na que

El sector está sufriendo la crisis de una manera muy significativa. Se estima que se han cerrado ya más de 300 negocios de peluquería y estética en Galicia y su facturación registra una caída superior al 30 %. El cambio del tipo impositivo que el sector demanda en sus numerosas manifestaciones le daría un poco de vida en esta época tan dura que estamos todos soportando. A Coruña y su Gobierno municipal no se pueden permitir el lujo de olvidarse de sus ciudadanos, sobre todo teniendo en cuenta que el paro en la ciudad cuenta en sus listas con 18.388 coruñeses, 1.677 más que en el mismo mes del año pasado. Ni en los peores tiempos de la crisis Coruña había alcanzado el 10 % del paro de toda Galicia, sin embargo desde junio del 2018 ese 10 % está siendo la tónica habitual. Además, somos la ciudad gallega en la que más ha fluctuado

máis ten flutuado o número de parados e á alza. Mentres Lugo, Pontevedra, Ferrol e Santiago movéronse nos últimos anos en torno ao 3 % do total galego, Ourense no 4 % **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención***) e Vigo no 12-13, Coruña pasou de supoñer o 8 ao 10 % actual. Galicia, pola contra, rexistrou a mellor porcentaxe do seu número de parados respecto ao total nacional, ao redor do 4,5 %, case a metade da porcentaxe que rexistraba no ano 2005, cando chegou a supoñer o 8,5 % do total de España.*

el número de parados y al alza. Mientras Lugo, Pontevedra, Ferrol y Santiago se han movido en los últimos años en torno al 3 % del total gallego, Ourense en el 4 % ***(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)*** y Vigo en el 12-13, Coruña ha pasado de suponer el 8 al 10 % actual. Galicia, por el contrario, ha registrado el mejor porcentaje de su número de parados respecto al total nacional, alrededor del 4,5 %, casi la mitad del porcentaje que registraba en el año 2005, cuando llegó a suponer el 8,5 % del total de España.

Por todo iso pedímoslles que non se esquezan dos coruñeses, dos autónomos, das pemes, que non se esquezan deste sector de salóns de peiteado e estética que tanto nos necesita e apoien a moción. Moitas grazas.

Por todo ello les pedimos que no se olviden de los coruñeses, de los autónomos, de las pymes, que no se olviden de este sector de peluquerías y estética que tanto nos necesita y apoyen la moción. Muchas gracias.

Presidencia

Moitas grazas, señora Peñalosa.

Señora Faraldo, o seu turno.

Presidencia

Muchas gracias, señora Peñalosa.

Señora Faraldo, su turno.

Señora Faraldo Calvo

Bueno. No ano 2012, o Goberno do PP presidido polo inefable M.Rajoy co ministro Montoro á cabeza de Facenda, subiu -entre outros- o IVE aos servizos de perruquería, que pasaron de gravarse co tipo reducido do 10 % ao tipo xeral do 21 %. Non imos negarnos ao plantexamento, xa elevado ao Congreso, para que se inclúan os servizos de imaxe persoal nas actividades que teñen o IVE reducido, coma as bibliotecas, museos, cines, concertos...así como que se inclúan, tamén, outros como o dos instrumentos musicais destinados á ensinanza. Sobre todo porque estamos a falar dun IVE

Señora Faraldo Calvo

Bueno. En el año 2012, el Gobierno del PP presidido por el inefable M.Rajoy con el ministro Montoro a la cabeza de Hacienda, subió -entre otros- el IVA a los servicios de peluquería, que pasaron de gravarse con el tipo reducido del 10 % al tipo general del 21 %. No nos vamos a negar al planteamiento, ya elevado al Congreso, para que se incluyan los servicios de imagen personal en las actividades que tienen el IVA reducido, como las bibliotecas, museos, cines, conciertos...así como que se incluyan, también, otros como el de los instrumentos musicales destinados a la enseñanza. Sobre todo porque estamos hablando de

que afecta basicamente a pequenas e medianas empresas, que viron, deste xeito, incrementar o IVE co que iso supón, de aumento de prezos ao público que en moitos casos, na maioría, descenso de ingresos, ao asumir estes negocios a diferenza, máis agravado, todavía, na situación actual da pandemia, onde estas pequenas empresas, na súa maior meirande parte, sufriron fortemente o embiste da crise que trouxo consigo a situación sanitaria. Máis que xustificada a necesidade, que condenou o sector durante os últimos 8 anos a soportar, insisto, sobre as súas costas, as repercusións económicas desa torpe decisión. E máis todavía, insisto, durante unha pandemia na que foi considerado, ademais, un sector esencial e sen embargo enormemente golpeado pola crise derivada. Nós, que acompañamos ao sector da Coruña na súa xusta reivindicación e que saímos con elas ás rúas, en concreto, a concentración do 20 de outubro con este motivo que tiveron na praza de María Pita, cremos que é necesario elevar este tema ao Congreso, que é onde os partidos que aquí estamos: PP, PSOE, BNG, Podemos, temos representatividade para defendelo realmente e tratalo. Pero que o PP hoxe traia aquí esta moción sendo, como foron, a orixe do problema parécenos un acto de excesivo descaro e que novamente apuntan máis alá do IVE para disparar, sen descanso, contra o Goberno de coalición.

un IVA que afecta básicamente a pequeñas y medianas empresas, que vieron, de este modo, incrementar el IVA con lo que eso supone, de aumento de precios al público que en muchos casos, en la mayoría, descenso de ingresos, al asumir estos negocios la diferencia, además agravado, todavía, en la situación actual de la pandemia, donde estas pequeñas empresas, en su mayor parte, sufrieron fuertemente el embiste de la crisis que trajo consigo la situación sanitaria. Más que justificada la necesidad, que condenó al sector durante los últimos 8 años a soportar, insisto, sobre sus espaldas, las repercusiones económicas de esa torpe decisión. Y más todavía, insisto, durante una pandemia en la que fue considerado, además, un sector esencial y sin embargo enormemente golpeado por la crisis derivada. Nosotros, que acompañamos al sector de A Coruña en su justa reivindicación y que salimos con ellas a las calles, en concreto, la concentración de 20 de octubre con este motivo que tuvieron en la plaza de María Pita, creemos que es necesario elevar este tema al Congreso, que es donde los partidos que aquí estamos: PP, PSOE, BNG, Podemos, tenemos representatividad para defenderlo realmente y tratarlo. Pero que el PP hoy traiga aquí esta moción siendo, como fueron, el origen del problema nos parece un acto de excesivo descaro y que nuevamente apuntan más allá del IVA para disparar, sin descanso, contra el Gobierno de coalición.

Non imos votar en contra. Non podemos votar en contra porque apoiamos as reivindicacións do sector de perruquerías. Pero non imos votar a favor, porque non vamos a entrarlle ao xogo a esta retorcida maniobra do PP. Imos absternos e imos defendelo onde temos que defendelo, que é máis alá da ponte Pasaxe. Grazas.

No vamos a votar en contra. No podemos votar en contra porque apoyamos las reivindicaciones del sector de peluquerías. Pero no vamos a votar a favor, porque no vamos a entrarle al juego a esta retorcida maniobra del PP. Nos vamos a abstener y lo vamos a defender donde tenemos que defenderlo, que es más allá del puente Pasaje. Gracias.

Presidencia

Moitas grazas, señora Faraldo.

Polo BNG, señor Jorquera.

Señor Jorquera Caselas

Grazas, señora alcaldesa.

Permítanme que comece como comecei unha intervención sobre esta mesma cuestión hai xa varios anos no Parlamento galego. Comecei cunha aclaración: no reparto de áreas que temos dentro do grupo a min correspóndenme as cuestións fiscais. Fago esta aclaración por se alguén se sorprende de que sexa precisamente eu quen fixe posición en nome do BNG nunha iniciativa sobre os salóns de peiteado. Mais brincadeiras á parte o que se propón nesta moción non é ningunha broma, é un tema moi serio. De feito, o BNG asume esta reivindicación e trasladouna ao Congreso dos Deputados.

Cando falamos dos sectores que máis están sufrindo esta crise pensamos normalmente na hostalería, no pequeno comercio, no turismo, na cultura, mais esquecémonos moitas veces dun sector, os das perrucarías, do que dependen, tamén, miles de postos de traballo e que por mor das restricións e a caída de celebracións e eventos está vivindo nunha auténtica situación límite.

Os salóns de peiteado son un importante sector económico formado na súa grande maioría por microempresas rexentadas por autónomos ou pequenos empresarios. Del dependen en Galiza máis de 10.000 empregos directos, en boa parte emprego feminino e en

Presidencia

Muchas gracias, señora Faraldo.

Por el BNG, señor Jorquera.

Señor Jorquera Caselas

Gracias, señora alcaldesa.

Permítanme que comience como comencé una intervención sobre esta misma cuestión hace ya varios años en el Parlamento gallego. Comencé con una aclaración: en el reparto de áreas que tenemos dentro del grupo a mí me corresponden las cuestiones fiscales. Hago esta aclaración por si alguien se sorprende de que sea precisamente yo quien fije posición en nombre del BNG en una iniciativa sobre las peluquerías. Pero bromas aparte lo que se propone en esta moción no es ninguna broma, es un tema muy serio. De hecho, el BNG asume esta reivindicación y la trasladó al Congreso de los Diputados.

Cuando hablamos de los sectores que más están sufriendo esta crisis pensamos normalmente en la hostelería, en el pequeño comercio, en el turismo, en la cultura, pero nos olvidamos muchas veces de un sector, el de la peluquerías, del que dependen, también, miles de puestos de trabajo y que por culpa de las restricciones y la caída de celebraciones y eventos está viviendo en una auténtica situación límite.

Las peluquerías son un importante sector económico formado en su gran mayoría por microempresas regentadas por autónomos o pequeños empresarios. De él dependen en Galicia más de 10.000 empleos directos, en buena parte empleo femenino y en vísperas de 8 de marzo es

vésperas do 8 de marzo é importante lembralo, dado que son as mulleres as que máis están sufrindo as consecuencias desta crise. Pero, ademais, como di o grupo propoñente, á parte do seu traballo no ámbito da estética, os salóns de peiteado realizan tamén un importante labor hixiénico sanitario, sobre todo con persoas dependentes, e ademais cumpren, moitas veces, unha auténtica función social. En moitos barrios estes salóns son verdadeiros centros de convivencia e de relación social, crean comunidade, vencello, entre veciñas e veciños. Por iso pensamos que non se pode deixar morrer os salóns de peiteado. Iso si, permítanme un matiz, dado que comecei facendo alusión a unha intervención miña no Parlamento galego. Aquela intervención foi no ano 2014 e daquela era o Grupo Socialista quen propuña que ás perruquerías se lles aplicase o IVE reducido, porque foi o Goberno Rajoy, como admitiu a señora Peñalosa, a través do Real decreto lei 20/2012 o que impuxo a este sector unha forte suba do IVE. Polo tanto, foi o que xerou este problema.

importante recordarlo, dado que son las mujeres las que más están sufriendo las consecuencias de esta crisis. Pero, además, como dice el grupo proponente, aparte de su trabajo en el ámbito de la estética, las peluquerías realizan también una importante labor higiénica sanitaria, sobre todo con personas dependientes, y además cumplen, muchas veces, una auténtica función social. En muchos barrios estos salones son verdaderos centros de convivencia y de relación social, crean comunidad, vínculo, entre vecinas y vecinos. Por eso pensamos que no se puede dejar morir las peluquerías. Eso sí, permítanme un matiz, dado que comencé haciendo alusión a una intervención mía en el Parlamento gallego. Aquella intervención fue en el año 2014 y en aquel entonces era el Grupo Socialista quien proponía que a las peluquerías se les aplicara el IVA reducido, porque fue el Gobierno Rajoy, como admitió la señora Peñalosa, a través del Real decreto ley 20/2012 el que impuso a este sector una fuerte subida del IVA. Por lo tanto, fue el que generó este problema.

No Pleno de onte falei dos bailes de máscaras aos que ás veces nos teñen acostumados o PP e máis o PSOE ou dos xogos de espellos intercambiando papeis dependendo de quen detenta o Goberno central e quen está na oposición. Creo que hoxe estamos ante outro exemplo: defender na oposición todo o contrario do que se practicou no goberno. Pero, en calquera caso, como o que nos importa é o futuro do sector, o futuro dos miles de traballadores que dependen do mesmo, o BNG vai votar a favor desta moción.

En el Pleno de ayer hablé de los bailes de máscaras a los que a veces nos tienen acostumbrados el PP y el PSOE o de los juegos de espejos intercambiando papeles dependiendo de quién detenta el Gobierno central y quién está en la oposición. Creo que hoy estamos ante otro ejemplo: defender en la oposición todo lo contrario de lo que se practicó en el gobierno. Pero, en cualquier caso, como lo que nos importa es el futuro del sector, el futuro de los miles de trabajadores que dependen del mismo, el BNG va a votar a favor de esta moción.

Presidencia

Moitas grazas, señor Jorquera.

Presidencia

Muchas gracias, señor Jorquera.

Pola Marea Atlántica, señor Lema.

Señor Lema Suárez

Ben. Antes que nada unha pequena aclaración, porque eu creo que vinte meses xa é tempo sobrado para que un empece a entender non só cales son as súas responsabilidades senón tamén o funcionamento da propia administración. É dicir, cando un licita un concurso de ideas ou un contrato para un servizo como un mercado ese concurso de ideas, ese contrato, digamos, que se limita a ese mercado, non vén adherido a ese mercado o mercado provisional. Igual que cando un contrata unha banda de música non vén co contrato tamén o servizo de escenario e de iluminación. Ten que contratalo á parte. Esta é unha cuestión que creo que non debería ser explicada, pero parece que debe ser explicada, pero hai algo que me preocupa porque se dá a entender na intervención da concelleira responsable de Mercados, que é a seguinte, que é que a responsabilidade pola cal non existe unha partida, unha dotación no Orzamento para ese mercado provisional é da Marea Atlántica. A ver, esa é unha idea realmente perigosa porque está no literal do que aquí se acaba de dicir. Se non existe esa partida no Orzamento prorrogado a responsabilidade é unicamente deste Goberno e eu espero que exista e eu lle vou preguntar mañá se existe. Porque senón estamos vendendo fume e estamos mentindo. Entón, fáganse responsables vostedes dunha vez das súas responsabilidades. E se resulta que no Orzamento prorrogado non existe unha partida, pois, xa lle dicimos agora que a Marea Atlántica pon a súa disposición, a súa capacidade de diálogo para ir a un modificativo de

Pola Marea Atlántica, señor Lema.

Señor Lema Suárez

